



CONCELLO DE TEO

Os pombais de Teo

Guía práctica



Pablo Sanmartín López

Patricia Castelao Ferreiro

Os pombais de Teo

Guía práctica



CONCELLO DE TEO

Edita: Concello de Teo

Autores: Patricia Castelao Ferreiro
Pablo Sanmartín López

Colaboración e limiar: Clodio González Pérez

Deseño e maquetaxe: MIS&MAB

DL: C 961-2025

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade, nin parte da publicación pode reproducirse, rexistrarse ou transmitirse por un sistema de reprodución, de información, en ningunha forma; nin por ningún medio sexa electrónico, mecánico, fotoquímico, magnético, electróptico ou informático; por fotocopia, gravación ou calquera outro sen permiso previo do autor deste libro.



ÍNDICE

SAÚDA DA ALCALDESA, **9**

LIMIAR DE CLUDIO GONZÁLEZ PÉREZ, **13**

PRÓLOGO, **12**

OS POMBAIS, ICONAS DA GALICIA RURAL, **17**

1.Contexto Cultural e histórico, **17**

1.1. Elementos dun pombal, **20**

2.Orix e evolución, **23**

2.1. A pomba, **23**

2.2. Os Pombais, **25**

3.Fontes para o estudo dos pombais, **27**

4.Usos e costumes, **29**

5.Unha visión xeral dos pombais teense, **32**

a.Tipoloxía dos pombais de Teo, **35**

b.Estado de Conservación, **36**

c.Pombais con actividade, **37**

d.Usos e costumes, **38**

e.Os pombais de Teo no Catastro de Ensenada, **38**

6-A (des)protección dos Pombais Galegos, **44**

7.Conclusión xeral e un rogo final, **44**

8.Bibliografía, **45**

9.Arquivos, **46**

FICHAS DESCRITIVAS DOS POMBAIS DE TEO, **50**

SAN XOAN DE CALO, **51**

1. Pombal do Pazo de Adrán, **53**

2. Pombal de Adrán 2, **55**

3. Pombal da Igrexa (Calo), **56**

4. Pombal de Ameneiro, **59**

5. Pombal de Vilaverde, **61**

6. Pombal do Agro dos Chaos, **69**

7. Pombal de Socastro, **73**

8. Pombal de Cabanas, **74**

9. Pombal de Francos 1, **76**

10. Pombal de Francos 2, **77**

11. Pombal da Casa Grande de Cornide, **78**

12.Pombal de Cornide 2, **80**

SANTA MARÍA DE LUOU, 83

- 13. Pombal da Casa dos kiwis, **85**
- 14. Pombal de Seixos, **87**
- 15. Pombal de Ruibal, **89**
- 16. Pombal de Bustelo (2), **91**
- 17. Pombal de Ponte / Pombal de Bustelo (3), **92**
- 18. Pombal da Reitoral, **94**

SAN SIMÓN DE CACHEIRAS, 97

- 19. Pombal da Igrexa, **99**
- 20. Pombal da Casa Framil / Urbanización As Pombas, **103**
- 21. Pombal de Carballo, **106**
- 22. Pombal de Raviña, **108**

SAN XOÁN DE RECESENDE, 109

- 23. Pombal de Casal, **11**
- 24. Pombal de Seoane, **112**

SANTA BAIA DE OZA, 115

- 25. Pombal do Casal de Veitureira, **117**
- 26. Pombal de Ribas (2), **118**
- 27. Pombal de Vilanova, **119**
- 28. Pombal de Gondelle, **120**

SAN MIGUEL DE RARÍS, 125

- 29. Pombal de Buela, **127**
- 30. Pombal de Casal de Reis, **129**

SAN CRISTOVO DE REIS, 131

- 31. Pombal da Igrexa, **133**
- 32. Pombal do Calvario, **134**
- 33. Pombal de Samar, **136**
- 34. Pombal de Barros, **137**
- 35. Pombal de Olveira, **140**

SANTA MARÍA DE TEO, **141**

36. Pombal da Igrexa, **143**

37. Pombal de Casa Paz, **145**

38. Pombal do Vilar (1), **146**

39. Pombal do Vilar (2), **147**

SANTA MARÍA DE LAMPAI, **149**

40. Pombal de Mosteiro, **151**

AGRADECIMENTOS, **153**





Saúda da alcaldesa

O Concello de Teo agocha numerosos elementos patrimoniais de gran valor e historia ao longo de toda a súa extensión que cómpren ser identificados, recoñecidos e protexidos. Falamos de elementos arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos e ata naturais repartidos entre as 13 parroquias que conforman o municipio e que cómpre facer visibles e poñer en valor, para que o seu legado perdure no tempo e poida ser admirado polas xeracións vindeiras.

Todo o noso patrimonio é digno de admirar, tanto polo seu valor cultural como histórico. Elementos arquitectónicos como os pombais representan unha imaxe da nosa Galicia rural. Identificar este patrimonio é fundamental para ter catalogados os nosos elementos e deixar unha imaxe fixa do que foi Teo no pasado. Deixar constancia da súa historia, do seu pasado.

Comprobar, grazas a este magnífico traballo, que no noso municipio seguen estando en pé 40 pombais é gratificante para o Goberno local e, por suposto, para a propia veciñanza. Non só é un elemento arquitectónico senón que son historias, lembranzas, anécdotas e ata lendas.

Por iso é tan importante catalogar e conservar estes bens, porque moitas veces son un sinal de identidade dunha familia, dunha casa, dunha vida. Son os recordos que pasan de xeración en xeración e, iso, si que merece a pena atesoralos.

Dende aquí, como alcaldesa e veciña de Teo, quero darlle as grazas a Patricia Castelao e a Pablo Sanmartín por tan marabilloso proxecto. Un traballo de campo de gran dificultade, pois cada un dos corenta pombais leva consigo a súa historia, características e fotografías. Un traballo rigoroso que cómpre salientar e, sobre todo, dar a coñecer.

Aos lectores só me queda dicirvos que desfrutedes desta lectura, do seu simbolismo, da súa carga histórica e ata sentimental. O que fai grande a un pobo é a súa historia e os pombais son parte dela, son parte da historia de Teo.

Lucía Calvo de la Uz

Alcaldesa de Teo



***Dos palomas
Dos palomas yo vi
que se encontraron
cruzando los espacios
y al resbalar sus alas
se tocaron***

Araucán los tres de Thurgenev

As portas de Compostela, entre o Ulla e A Maía, Teo posúe un fecundo patrimonio cultural. Entre os elementos etnográficos máis destacados figuran os Pombais, unha das manifestacións materiais máis representativas da paisaxe rural galega e, por suposto, da teense.

O futuro dos últimos pombais teenses está nas nosas mans, existe un risco evidente da perda de moitos destes bens e non temos constancia de que existan as medidas precisas ou plans efectivos para loitar contra o abandono que presentan moitos deles e tentar frear a súa progresiva desaparición.

O obxectivo deste pequeno libro / guía é amosarvos a situación actual na que podemos atopar os pombais de Teo, oxalá contribúa a concienciar á cidadanía e ós nosos gobernantes da importancia que merecen a pesar da pouca atención que lle outorgamos.

Son pequenas construcións adxectivas que constitúen elementos esenciais da arquitectura tradicional e popular do noso país, en xeral, e do noso concello en particular.

Ben é certo que a práctica tradicional da cría de pombas perdeuse por mor dos cambios sociais, económicos e nas dietas alimenticias. O consumo de pombas practicamente desapareceu. As pombas mesmo son desprezadas e teñen mala imaxe nas cidades ó causar danos nos monumentos, sucidade, ruidos e malestar xeral na veciñanza. Porén, son unha mostra dos saberes e recursos que o noso pobo posuía para sobrevivir noutros tempos, optimizando os recursos que o seu entorno lle proporcionaba.

Este libro é un pequeno agasallo para tódolos/as teenses que queiran coñecer un pouco mellor os pombais espallados pola meirande parte das nosas parroquias. Pombais que foron iconas da paisaxe tradicional e estiveron moi presentes na vida cotiá doutras xeracións de teenses, deixando fonda pegada na memoria oral.

Hoxe, convidamos a visitalos e achegarvos a súa historia, seguro que vos sorprenderán tanto como a nós. Oxalá vivades as mesmas experiencias que sentimos ó achegarnos a estes pombais de Teo, ó visitar os lugares onde se atopan e, sobre todo, ó coñecer ás persoas que nos falan deles e transmitiron a emoción daqueles episodios vividos noutros tempos que marcaron as súas vidas.

LIMIAR

Dende as atroces guerras mundiais do século XX, botouse man dun antigo emblema bíblico para representar a paz, unha pomba branca cunha poliña de oliveira no peteiro. Pola súa banda, o pombal foi ao longo da historia un dos símbolos de poder e señorío, por iso estaban a carón dos pazos e das casas reitorais das igrexas. A fin do Antigo Réxime supuxo tamén o remate destes privilexios, pero non que esta construción perdese o antigo significado de riqueza, polo que a empezaron a erguer burgueses, indianos e outras persoas con medios económicos. Por iso hai moitos dos séculos XIX e XX, e sobre todo en Galicia.

As leis verbo das pombas amosan como se van acurtando co paso dos anos os antigos privilexios. Así, por exemplo, o rei Henrique IV dispón en 1465: Mando, que persona ni personas algunas, de qualquier estado y condición que sean, no hayan osadía de tomar paloma ó palomas algunas; ni les tiren con ballesta ni con arco, ni con piedra ni en otra manera, ni sean osados de les armar con redes ni lazos, ni con otra armanza alguna, una legua en rededor donde hobiere palomar ó palomares... O mesmo repiten en 1552 Carlos I e o entón príncipe Filipe II. Mais a situación muda coa Ilustración, e Carlos III en 1768 e 1784 publica as Reglas para evitar los daños que causan las palomas en sembrados y mieses en las estaciones de sementera y Agosto, polas que se obriga aos propietarios a telas pechadas durante os meses de outubro e novembro, e xuño, xullo e agosto. Ademais neste tempo poderanse cazar con tal de que, siendo dentro de la distancia del tiro, no se pueda hacer sino á espalda vuelta á los palomares.

Semellante é o Real Decreto sobre caza e pesca do 3 de maio de 1834, que ten por título De la caza de palomas: para poderlles disparar deben estar a máis de 1.000 varas do pombal (838,905 m); os donos teñen a obriga de ter os pombais pechados durante outubro e novembro, e na sementeira do trigo e centeo, e neste tempo poderáselles tirar a calquera distancia, sempre con las espaldas vueltas al palomar.

Tanto estas como outras disposicións tamén lles afectaron aos nosos pombais.

As pombas non lles gustan aos agricultores. Si é certo que comen insectos e outros bichos, pero tamén os cereais cando se sementan e logo antes da colleita, polo que durante este tempo os donos debíanas ter pechadas e botarlles comida e auga nas mesas que están dentro dos pombais, como se pode ver en varios de Teo. Tamén ensucian por onde andan, e o seu excremento, composto principalmente por ácido úrico e sales minerais, pode afectar á saúde das persoas e á dos monumentos como corrosivo da pedra e dos metais. Polo contra, tampouco se pode negar que se trata dun excelente fertilizante, que tradicionalmente se reservaba para a horta, onde están os froitos máis delicados.

Ata non hai moitas décadas, para algunhas casas o ter un bo pombal era unha regalía, un medio de achegar unha non desprezable axuda económica coa venda dos pichóns. Un manxar axeitado para persoas de saúde delicada, non só a carne, senón tamén o caldo limpo onde se cocen.

Hoxe en día a súa cría ten pouco que ver coa de antano. Xa non se venden pichóns nas prazas de abastos, –os do concello de Teo na de Santiago de Compostela–, e o seu consumo cinguiuse aos propietarios ou a quen llos dan como agasallo. Nalgunhas partes da península aínda se crían para o “tiro de pichón”, modalidade de caza deportiva que en Europa unicamente é legal en varias comunidades de España e Portugal.

Esta situación ten pouco que ver coa de hai só un século. Agora, cando xa quedan poucas pombas nos campos, pola contra abundan nas cidades as ventureiras, que se reproducen abondo, mantéñense do que achan nas rúas e aniñan nos tellados e nos edificios abandonados, a onde non chegan os seus depredadores naturais, o falcón e o gabián.

«Os pombais de Teo. Guía práctica» de Patricia Castelao Ferreiro e Pablo Sanmartín López, ademais de moi útil para coñecer os pombais do concello teense e a historia de cada un, constitúe unha salientable achega para o noso patrimonio arquitectónico e, polo mesmo, para a súa catalogación e conservación. Como se pode ver, a situación dos pombais do concello non é moi boa, non xa porque en poucos arrolen as pombas, senón polo abandono, paso previo á destrución.

Si é certo que hoxe esta ave perdeu a importancia social, económica e gastronómica de antano, cando non só era manjar para persoas doentes, senón tamén degoxada por todos, como testifica a sona dalgunhas empanas de pichóns. O único xeito de que se conserven os máis dos pombais é dedicalos a outros mesteres, como rocho para gardar ferramentas e apeiros, a semellanza dos hórreos, pois ninguén pode negar a prestancia que aínda actualmente lle dá a unha casa un ben coidado.

No concello de Teo hai de todo polo que respecta á conservación. Outro tanto sucede cos tipos de pombais: circulares, –os máis abundantes tanto aquí como en toda Galicia–, cadrados ou rectangulares, poligonais de oito lados, e, por último, varios modernos totalmente diferentes aos anteriores.

Concordo con Patricia e Pablo que consideran os pombais iconas da Galicia rural. Si é certo que existen outras construcións senlleiras, pero estas pola súa feitura singular son unha delas. Quizais non tan populares como os muíños e os hórreos, pero tamén parte importante do noso acervo material herdado dos devanceiros.

Cordiais parabéns a Patricia e a Pablo polo detido traballo de campo e de investigación do que é froito este libro. Unha guía dos pombais non só de interese para a veciñanza do concello de Teo, senón en xeral para todas as persoas que admiran, estudan e protexen o noso patrimonio arquitectónico.

Clodio González Pérez

Museo do Pobo Galego



INTRODUCCIÓN

Entre os anos 1975/76 o mestre, etnógrafo e historiador cenllés, Clodio González Pérez, percorreu Galicia na procura de pombais. Uns anos despois, en 1982, publicou os resultados daquela viaxe nun estudo que incluía datos de ata 300 pombais distribuídos por toda Galicia, tres dos cales no noso concello, dous na parroquia de Calo e outro na parroquia de Teo. Un traballo pioneiro neste eido que despertou o interese por estas construcións adxectivas que definen a paisaxe tradicional galega, ata entón practicamente esquecidas. Con posterioridade, xurdiron novos traballos de ámbito espacial máis reducido, esencialmente comarcal ou local. Porén, non son moi abondosos os estudos sobre estes bens etnográficos en comparación con outros traballos realizados sobre outros bens do noso rural como os hórreos os cruceiros.

En tempos da pandemia (2020/2021), decidimos percorrer os camiños e aldeas teenses para fotografar e visitar estas construcións tradicionais. Foi un xeito agradable de pasar aquel difícil período, no que só podíamos estricar as pernas por un Teo baixo peche perimetral. O traballo de Clodio González foi o primeiro que chegou as nosas mans e permitiunos afondar nas claves interpretativas básicas para coñecernos estes interesantes elementos etnográficos.

Levamos unha boa sorpresa ó atoparnos con numerosos pombais que descoñeciamos e que non figuraban rexistrados nos inventarios patrimoniais dos entes públicos que deben velar pola protección do noso patrimonio cultural. Deste xeito, xurdiu a idea de facer este pequeno estudo que proporcione á veciñanza interesada neste campo a rápida localización dos pombais o que facilitará a súa visita, anime ós propietarios a que procuren medidas en prol da súa conservación e restauración e, asemade, sexa unha ferramenta máis para que as administracións públicas teñan coñecemento destes bens e poidan asesorar e axudar economicamente ás persoas interesadas na conservación e restauración dos pombais de Teo.

OS POMBAIS, ICONAS DA GALICIA RURAL

1. CONTEXTO CULTURAL E HISTÓRICO

Os pombais son un dos elementos máis singulares da arquitectura popular empregados para recoller e criar as pombas en condicións controladas polo home. Destaca a súa presenza en predios de casas grandes ou pazos, reitorais, mosteiros, etc. Este feito amósanos, que alén da súa función económica no sustento familiar, xogaban un papel simbólico asociado a unha función decorativa / ornamental, símbolo dun status, e tentan reflectir o poder económico e social dos seus propietarios. Ese carácter elitista, signo de distinción, e a correspondente percepción de tal circunstancia no pobo, pódese ver en obras clásicas como o “Lazarillo de Tormes”, onde o escudeiro lle comenta con fachenda a Lázaro que posúe varias casas e un “*pombal que, a no estar derribado como está, daría cada año mas de 200 palominos*”. Amósanos tamén a súa antigüidade pois, xa no século XVI, o estado dalgúns deles non era o máis axeitado. Neste mesmo século, os prezados “palominos” son citados na obra máis destacada da literatura española, El Quijote de Miguel de Cervantes: “*Una olla de algo más vaca que carnero, salpicón las más noches, duelos y quebrantos los sábados, lentejas los viernes, algún palomino de añadidura los domingos, consumían las tres partes de su hacienda*”. Nunha España empobrecida e famélica como a do Quijote, a cociña do fidalgo manchego preséntasenos sempre sobria, suficiente e sen alardes polo que un pichón era un manxar que só en días contados e especiais podían degustar.

Aínda que aparecen en menor medida que os hórreos, os pombais son tamén elementos sobranceiros pois a súa presenza no rural galego é significativa e constitúen elementos importantes na conformación, imaxe e paisaxe das vilas e aldeas do rural. Feito que testemuña o destacado papel desta actividade no pasado como traballo complementario á agricultura e á gandería. O refraneiro, mostra da sabedoría popular, reflicte perfectamente esta realidade. Aquí, unha pequena mostra:

Gando de pico non pon ao dono rico

Mais vale rabo de pichón, que ala de mariñeiro

Aquela pombiña branca que está no valo da eira, non lle tires a matar que é a miña compañeira

Haxa cebo no pombal, que as pombas non faltarán

O que teña ás para voar, logo atopará un pombal

As pombas do abade mantéñenas os veciños e cómeas o abade

Ti ten grans no teu pombal, que as pombas xa che virán

A maior parte dos pombais da comarca de Compostela son construcións exentas en pedra, de corpo cilíndrico, base circular, pechados, cornixa todo ó redor, cuberta cónica de tella curva a miúdo dunha soa auga. Posúen de media uns 3-4 m de diámetro e a súa altura é aproximadamente igual ó seu diámetro. A preferencia polas plantas circulares, unha ampla maioría, tal como acontece en Teo, ten relación coa crenza de que esta forma dificultaba a entrada dos roedores no pombal e asemade evitaba as humidades. Porén, hai certas tipoloxías e variantes locais que responden ós gustos propios da veciñanza dunha zona ou dos seus construtores e que presentan plantas poligonais (normalmente hexagonais ou octogonais), cadradas ou rectangulares. En Xeral, son construcións sinxelas e sen grandes elementos ornamentais. Os máis antigos figuran en localizacións elevadas, orientadas ó medio día na procura da luz solar para axudar ó bo crecemento das crías, lugares secos, solleiros, sen árbores na súa contorna para evitar a caída das polas sobre o pombal e tamén para garantir a seguridade das pombas pois ó carecer de árbores nas proximidades evitan os ataques das aves de rapina. Procúranse lugares abrigados para evitar a humidade e algo apartados da vivenda por cuestións de hixiene e para evitar os ruídos que puideran espantar ás pombas. En moitas ocasións a súa construción adáptase a estes terreos en zonas altas e con certa pendente. Posúen, por tanto, amplo dominio visual sobre o seu contorno inmediato. Moitos deles atópanse caleados para facilitar a súa conservación, mellorar o illamento e proporcionar maior frescor interior e asemade atraer ás pombas polo brillo da cor branca alumeada polo sol.

Caracterízanse tamén polo seu hermetismo que só se racha coa construción dunha pequena porta de acceso, separada do chan para evitar a entrada de roedores ou pequenos depredadores, inimigos naturais das pombas, pequenas fiestras e os característicos ocos ou garitas de entrada e saída das pombas situados baixo o beiril do tellado e sobre a repisa ou pousadoiro que permite ás pombas repousar antes de penetrar ó interior do pombal. Estas entradas teñen formas cadradas ou rectangulares e, en ocasións, presentan o bordo superior redondeado.

No seu interior conservan o habitual conxunto de nichos de pedra perfectamente aliñados e onde aniñaban as pombas. No bordo inferior do arrinque dos nichos podemos atopar unha repisa ou pedras que sobresaen no interior, que funcionan a modo de tornarratos e asemade servían para depositar algo de comida ás pombas cando era preciso. En certas ocasións, temos a sorte de conservar outros elementos como as mesas centrais, hainas circulares, cadradas ou rectangulares, onde se depositaba o alimento para as pombas, especialmente en tempos de invernía ó teren dificultade para atopar comida e precisaban esas sementes complementarias coas que podían subsistir ata a chegada da primavera. En ocasións, as capas vellas das moas dos muíños reempregábanse con esta función. Por último, en casos excepcionais (non se conservan nos pombais de Teo pero si temos constancia delas nalgún caso), consérvanse pías ou bañeiras situadas fóra do pombal pero próximas, que servían para que as pombas puideran beber ou bañarse.

Tamén é habitual atopar algunhas ferramentas como pas de madeira para amorear ou recoller o esterco ou esqueiras para limpar os nichos ou recoller os ovos. A limpeza do pombal realizábase anualmente ó rematar o inverno antes da etapa de maior fecundidade da pomba que comprende dende comezos da primavera ata finais da época estival.


Alén dos pombais exentos cómpre facer mención ós pombeiros, pequenas construcións acaroadas ás paredes das casas (normalmente en faiados ou baixo cubertas), paleiros ou mesmo nos hórreos, destinados á cría dun pequeno número de pombas, normalmente entre dúas e media ducia de parellas. No lado interno, eran simples caixóns de madeira onde aniñaban as pombas. Este tipo de pombeiros que precisan moito menos esforzo tanto á hora da súa construción como do seu mantemento son, tamén, numerosos en Teo e aparecen en vivendas antigas que pertenceron a campesiños acomodados de núcleos tradicionais como Mouromorto, O Casal, Vilares de Rúa de Francos, Cornide, Regoufe... Aínda que quedan fóra deste estudo inicial dos pombais teenses, cómpre destacar a súa numerosa presenza para incidir na importancia desta actividade económica dende o século XVIII ata mediados do século XX.



Pombeiro nunha vivenda en Mouromorto (Calo)

ELEMENTOS DUN POMBAL

EXTERIOR



Debuxo do exterior dun pombal. Lidia Puga Castelao

Porta: Adoitan ter unha única porta de madeira dunha soa folla. Deben ser pequenas e separadas do chan para evitar a desagradable incursión de roedores ou outros animais inimigos das pombas. Só en casos illados podemos atopar algún fornello ou fiestra que dá luz ó interior para favorecer a iluminación interior e facilitar os traballos habituais de mantemento do pombal.

Soleira ou pousadoiro: repisa que sobresaie no alto do muro polo exterior, sobre a que se atopan os buracos da entrada e saída das pombas.

Nichos: buracos no interior onde fan os niños as pombas.

Archete: telladiño en ángulo que sobresaie da vertente do tellado xeral, semellante a unha pequena gateira ou bufarda pero sen fiestra que peche o oco. Un elemento que atopamos nalgúns pombais de Teo.

Rodela: Peza de forma circular e plana cun orificio no medio donde se apoia o cumio.

Cumio: peza situada na cima da cuberta que podémola apreciar con multitude de formas.

Beiril : correspondería ao aleiro, voladizo do tellado.

Garitas: buratos na parede superior do pombal para a entrada e saída das pombas.


Cornixa: parte superior e máis saínte da fachada. A súa principal función é evitar que a auga da choiva incida directamente sobre a parede do pombal

INTERIOR

Nichos: buracos no interior (espazo único) onde fan os niños as pombas.

Lousa: saínte do muro polo interior, a unha altura de ata 1 metro para impedir a subida dos ratos

Mesa: de pedra, no medio, para botar o gran no inverno (Comedoiro / bebedoiro para as pombas). É importante garantir a manutención das aves en tempos difíciles na invernía .



Debuxo do interior dun pombal. Xiana Puga Castelao

2. ORIXE E EVOLUCIÓN

2.1 . A POMBA

A pomba tivo dende a antigüidade, xa dende as primeiras civilizacións da historia da humanidade, un grande valor simbólico que transmitía harmonía, conciliación e tranquilidade. Coa chegada do cristianismo convértese no símbolo do Espírito Santo e é a ave máis mencionada na Biblia. Representa tamén a pureza, a liberdade, a procura de Deus, do Bautismo e da salvación da alma do defunto. Xunto co lábaro e o peixe, é un dos primeiros signos das primeiras comunidades cristiáns e, ó igual que a cruz, emprégase na cristianización de espazos ou lugares de culto pagán.



Modelo fotogramétrico do tímpano da porta norte da igrexa de San Martiño de Asperelo (S.XII). Catro elementos que simbolizan a loita entre o ben e mal. **A cruz** como símbolo do amor a cristo, **a pomba** mostra de mansedume e humildade, **o león** en loita contra o pecado que representa **á serpe**. A vida do bo cristián, como as pombas, non deixa de ser unha fuxida constante para evitar caer no pecado. A pomba é tamén o modelo que a igrexa intenta transmitir ós fieis, un modelo de vida acorde cos preceptos relixiosos.



Unha pomba empregada para “cristianizar” os gravados prehistóricos situados ó seu carón na grande estación rupestre da Laxe Ferrada ó pé do Monte Farelo (Antas de Ulla)

É habitual o seu uso con fins litúrxicos ou rituais e tamén como símbolo apotropaico en gravados en xambas e linteis á entrada de vivendas e outras construcións.



Lintel con gravuras dun trevo, un nó de Salomón e unha pomba, símbolos de protección para espantar o mal á entrada dunha vivenda tradicional en Magán (Cuntis)

2.2 . Os POMBAIS

Non temos certeza da orixe dos pombais en Galicia aínda que probablemente xa existiran antes da ocupación romana. Fontes clásicas como os escritos do historiador Plinio o Vello, falan de “torres e atalaías destinadas a albergar pombas” previamente á chegada dos romanos á península ibérica polo que posiblemente xa existiran en Galicia construcións semellantes antes da súa chegada ó noroeste.

Son precisamente os romanos os que proporcionan o actual nome galego, tanto para a ave como para as construcións. Os romanos distinguían o termo COLUMBA, pomba doméstica, da pomba brava, PALUMBA. Desta segunda verba acabou xurdindo o nome actual de “pomba” para as aves domésticas, empregándose o termo “pombo” ou “pombeira” para as do monte. Deste vocábulo latino deriva tamén o termo que triunfou para definir ás construcións destinadas á cría das pombas, o pombal. A cría de pombas é unha actividade complementaria á agricultura tal como recolle o Dereito Romano que sinala que só poden ser cazados os animais salvaxes ou os domesticados cando teñan perdido o hábito de volver á vivenda do seu dono. Existen tratados da súa cría e coidados como o de Lucio Junio Moderato Columela nado en Cádiz no ano 4 dC. Na súa magna obra “DE RE RUSTICA” recolle en 12 volumes as actividades agrícolas e gandeiras dos romanos onde destaca a cría das pombas.

A primeira representación dun pombal, ó igual ca do primeiro hórreo, figura recollido nas famosas Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio do século XIII. Outra das referencias históricas a destacar é a “Ley de Protección de los Palomares” do ano 1465 que o rei Enrique IV promulga nas Cortes de

Castela e León, e que reflicte a importancia nestes tempos da actividade da cría das pombas en moitos mosteiros medievais, *“en muchos logares deste reyno avían e han por cosa de gran utilidad fazer e tener casas de palomares para criar e tener palomas”*. Ante a queixa de moitos donos de pombais pola caza indiscriminada das pombas por parte de redeiros ou besteiros, a orde tenta frear esta practica e sinala *“otrosy...e mando que persona ni personas algunas de qualquier estado e condición que sean, no ayan osadía de tomar palomar.....e por cada paloma sesenta mrs. La mitad para el dueño de las dichas palomas e la otra mitad para el juez que lo executare...”*

En Galicia, as primeiras referencias documentais fiábeis sobre a orixe dos nosos pombais datan de finais do s. XIII e inicios do XIV. O etnógrafo e historiador, Clodio González (1998), salienta a presenza do topónimo “Pombeiro” nun documento do ano 1244 e cita as primeiras vendas documentadas de quintas que incluían pombais a finais do s. XIII e principios do S. XIV. Outros autores, como Xosé Lois Labra (2001), fan referencia a cartularios incluso anteriores como o Tombo de Santo Estevo de Ribas de Sil no que atopamos o termo “Palumbario” nun documento do ano 921 que podería testemuñar a existencia destas construcións dende a Alta Idade Media. Non obstante, cómpre ter certa cautela pois non é doado distinguir si estes vellos pergamiños en latín fan referencia ás pombas e pombos bravos ou ben ás domesticas.

Porén, a súa expansión tería lugar no século XVIII, en relación coa recuperación económica detectada en Galicia. O sistema foral que domina a posesión e o traballo das terras beneficia á igrexa, o principal propietario e beneficiario dun sistema que lle reporta enormes beneficios o que permitía a renovación das igrexas e a construción de novas reitorais e edificios anexos (capelas, hórreos, celeiros, pombais...). Asemade, tamén beneficia á pequena fidalguía galega que acomete a construción de casais e pazos no rural, contrapunto á arquitectura eclesiástica, na que incluían todo tipo de construcións anexas, e por suposto, tamén os pombais. Sexa maior ou menor, o patrimonio dunha familia galega, sempre estivo constituído, basicamente, por rendas forais ou asimiladas. Ter un pombal constituía un privilexio feudal e un símbolo máis do señorío, fora eclesiástico ou civil. Foi no Barroco cando, ó igual que os hórreos, cruceiros ou petos de ánimas, prodúcese o auxe dos pombais. Esta estética artística de grande éxito en Galicia tamén deixa pegada nestas construcións como reflicten os remates ornamentais de pináculos nos cumios ou beirados dos tellados.

Foi tal a relevancia desta actividade que mesmo deixou presenza na **heráldica**, a pomba, aparece como símbolo representado nos brasóns de liñaxes galegas como os Seixas, catro pombas, tal como figura na Torre de San Paio de Narla (Friol). A propia liñaxe dos “Pombos” ten orixe galego, concretamente nun lugar chamado “Pombo” da provincia da Coruña, de cuxo nome pasou ó apelido, segundo recollen os irmás García Carrafa na súa monumental “Enciclopedia Heráldica y Genealógica” (1920-1963). Porén, outros autores falan da súa posible xénese nunha casa solar en Triacastela na provincia de Lugo. Sexa como for, o certo é que varias xeracións de “Pombo” tiveron fonda presenza en Santiago de Compostela no século XVII e o apelido figura en preto de cincocentos veciños e veciñas da bisbarra da capital galega, 32 en Teo. Só na vila de Carballo, capital de Bergantiños, onde se asentaría outra importante rama desta liñaxe, contabilízanse un número maior de apelidos “pombo” censados, case 900, segundo recolle o Instituto da Lingua Galega na súa base de datos de consulta online.

3. FONTES PARA O ESTUDO DOS POMBAIS

Contamos con tres fontes principais para estudar a relevancia económica e a distribución dos pombais tradicionais no territorio galego. En primeiro lugar, a **documentación notarial**, especialmente herdanzas e escrituras de compravendas, onde figuran estas construcións que forman parte dos predios adquiridos, herdados ou vendidos ós novos propietarios.


Por outra banda, o grande interrogatorio da coroa de Castela, o **Catastro de Ensenada** (1752), un completo e detallado censo da poboación que tiña como finalidade a de establecer un imposto único para todo o territorio que substituíra o proceso de complicadas e inxustas rendas provinciais imperante ate ese momento. Curiosamente a chamada “única contribución”, nunca chegou a implantarse mais proporcionou ós historiadores actuais unha ferramenta esencial para abordar o estudo das características económicas e xeográficas das poboacións galegas, con información detallada da veciñanza, dos seus bens, oficios e rendas. Un retrato bastante rigoroso, pois establecíanse severas multas ós que ocultaban información ou achegaban datos falsos dos bens e ingresos que posuían, nos que se detallan, entre outros aspectos, a descrición das casas coa súa valoración fiscal, así como das edificacións secundarias que incluían unha descrición breve dos pombais e unha valoración aproximada dos beneficios que producían, tal como veremos no caso dos pombais das parroquias que forman o actual Concello de Teo. Esta grande fonte documental permítenos saber o seu número, actividade, rendemento, tipoloxía construtiva, titularidade (civil ou relixiosa) e outros pormenores dos pombais galegos de cada zona. E dicir, o seu estudo facilítanos un primeiro inventario destes singulares elementos que caracterizan a paisaxe rural en Galicia e permítenos obter datos para comparalos co número, localización e estado dos pombais actuais, por desgraza, só uns poucos dos citados neste Catastro chegaron ós nosos días.



Microtopónimo “Veiga so Pombal” Ribeira (Cacheiras). Proxecto Galicia Noemada


A terceira fonte a ter en conta é a **toponimia** tradicional que podemos pescudar nos antigos planos do catastro, do Instituto Geográfico Nacional (IGE), nos primeiros procesos de concentración parcelarios ou en traballos de recollida oral realizados nos últimos anos. Neste senso, é importante destacar a plataforma “Galicia Nomeada” na que dun xeito colaborativo recóllense xeorreferenciados miles de microtopónimos do noso país alusivos ás pombas e ós pombais, tamén os do noso concello. Unha ferramenta que podemos consultar libremente dende a páxina web deste proxecto da Real Academia Galega.

É moi ampla e moi destacada a pegada dos “pombais” e das “pombas” na toponimia maior pero sobre todo na microtoponimia ou toponimia menor que revela, no caso teense, a existencia doutros pombais, hoxe desaparecidos, noutros moitos sitios do termo municipal de Teo. Non conservamos a súa estrutura pero si continúan existindo numerosos topónimos como “Pombal”, “Veiga do Pombal”, “Pombiñas”, “Agro do Pombal”, “Pombal do Casal” etc. Tal como acontece con outras construcións adxectivas do rural, os pombais desaparecidos, fican petrificados na memoria grazas ós nomes destas leiras e montes.



Pombais na aldea de Bustelo. Primeiros planos topográficos do IGN (Instituto Geográfico Nacional), Ca.1940. AMT

Alén das citadas fontes, no estudo dos pombais teenses obtivemos interesantes datos no **Arquivo Municipal de Teo**. Entre os fondos que se custodian puidemos consultar antigos inventarios etnográficos e rexistros de soares que recollen pequenas fichas dos Pombais, licenzas de obras sobre as restauracións dalgúns deles e ata mapas antigos onde figuran referencias a pombais xa desaparecidos. De igual xeito, no fondo local do Arquivo figuraban referencias hemerográficas na prensa local e societaria, da primeira metade do século XX, sobre vendas de inmobles que citan antigos pombais, algúns aínda se conservan, outros non.



Pombal da Igrexa (Cacheiras). IGN.1940. AMT

Finalmente cómpre sinalar importantes datos localizados grazas á consulta na rede a través do **portal Galiciana** da **Biblioteca Dixital de Galicia** e do **Arquivo Dixital de Galicia**, recursos esenciais para que as persoas investigadoras poidan localizar datos sobre estes bens culturais.

4. USOS E UTILIDADES

A función principal destas construcións era a **cría de pombas** que consideramos tivo un papel de certa relevancia na economía doméstica de moitas familias do rural galego dende o s. XVIII ata mediados do século pasado, tal como reflicte o grande número de pombais conservados malia o desleixo xeral dos seus donos e do escaso interese das administracións en prol da súa conservación.

Pombais ou pombeiros eran frecuentes como método de produción de carne para o autoabastecemento de moitas familias, aínda que con menor uso que coelleiras ou galiñeiros. A femia pon dous ovos cuns días de separación. Macho e femia chocan os ovos por quendas, normalmente o macho

pola mañá e a femia pola tarde e noite, durante 18 días. Normalmente o primeiro pichón nace un día antes ca o segundo. As pombas ben coidadas poden vivir ata doce anos mentres cas da rúa teñen unha esperanza de vida moito menor, tres ou catro anos.

Os pichóns eran consumidos en festas ou en ocasión especiais. Era tamén costume arraigada en moitas zonas agasallar ós curas, médicos, avogados ou mestres, con estas aves como pago de favores polos servizos prestados.

No interior dos pombais amoreábanse os excrementos que tamén se usaban como prezado fertilizante mesturado con outros produtos para determinados cultivos. Na comarca da Ulla, temos documentado o seu uso en plantacións tradicionais como os pementos en Herbón. A “gallinaza” ou “palomina” como se denomina en castela ou “galinaço” en terras lusas, a este argueiro orgánico e natural (normalmente excrementos mesturados con palla, toxo, etc) foi aproveitado para numerosos usos en hortas e xardíns. Estaba considerado un fertilizante natural de grande valor pois achega numerosos nutrientes á terra.

No século XVIII e XIX empregábanse tamén os excrementos das pombas, con alto grado de potasio, nos curtidoiros galegos para o proceso de curtido das peles. Un proceso semellante o que aínda se utiliza nos grandes curtidoiros de Fez en Marrocos. Nos séculos XVIII e XIX no termo municipal de Teo houbo importantes tenerías, como o curtidoiro da Granxa en Rúa de Francos ou no curtidoiro das Galanas, cuxo propietario foi don José Sánchez Villamarín, un dos grandes persoeiros na comarca, alcalde de Teo (1854-1855) e de Santiago de Compostela (1873).

En relación ó uso **recreativo** das pombas cómpre destacar as actividades como a colombofilia relacionada coa actividade técnica da práctica deportiva de xogos ou competicións con pombas mensaxeiras. A “columba livia” (a pomba mensaxeira) ten a capacidade innata de regresar ó seu pombal logo de percorrer grandes distancias ó posuír unha impresionante capacidade de orientación e afinidade ó entorno creado polo seu coidador. Estas pombas criáronse para enviar mensaxes, especialmente nas campañas de guerra.

Outro uso **deportivo** ten relación coa actividade cinexética da caza. A cría de pombas e pombos para esta actividade tivo certo pulo en épocas concretas onde os concursos de tiro ó pombo gañaron moita fama como reflicten os vellos xornais.

O **valor artístico, arquitectónico e histórico** de moitos pombais galegos é manifesto, con exemplares centenarios e monumentais, singulares e de grande orixinalidade. Malia todo, o seu aproveitamento como elementos claves para a **valorización cultural e turística** dunha zona é moi escasa no noso país, a pesar de ser construcións que definen a nosa identidade como pobo.

En Castela, sobre todo en “Tierra de Campos” (Zamora, Palencia, León, Valladolid) os pombais tiveron grande protagonismo, e certas entidades como a Diputación de Valladolid crearon e xestionan sitios como o “Centro de la Naturaleza de Matallana”, espazos onde os visitantes poden ter un primeiro achegamento á práctica da cría das pombas e a esta arquitectura tradicional. De igual xeito, na vila palentina de Santoyo atopamos o “Centro Temático del Palomar” nunha antiga casa de labranza

reformada en 2007. Durante estes anos de funcionamento este espazo Museográfico converteuse nun referente do turismo provincial que conxuga cultura e tradición e que logrou dinamizar o medio rural da contorna.

En Francia, son numerosas as rutas culturais para visitar os pombais de maior valor patrimonial. A diferenza de Galicia, nas últimas décadas diferentes administracións públicas e gobernos rexionais, con competencias na xestión do patrimonio, lograron rehabilitar e valorizar innúmeros pombais. Un bo exemplo é a ruta “Ruta dos Pigeonniers” na rexión Midi-Pyrénées, no Sur de Francia ou a pequena “Ruta de Loupiac” en Lot con 55 pombais visitables. Noutras ocasións, os pombais máis monumentais, foron rehabilitados como aloxamentos de turismo rural, como os de Tarn-et-Garonne na parte meridional do país galo.

Agardemos que tamén en Galicia poidan xurdir e deseñarse este tipo de actividades culturais e turísticas que permitan recuperar algúns dos históricos pombais galegos que esmorecen paseniño e só quedarán no esquecemento das vellas xeracións. Arestora ningunha das rutas homologadas de Galicia pola federación galega e publicadas no libro de edición anual “Sendas para descubrir un país” inclúe como punto de interese a visita a calquera dos centos de pombais galegos. Feito que se repite nos folletos da rede de rutas de sendeirismo de Teo, “REDEscobre Teo”.

En relación coa **gastronomía**, a Pomba foi un ingrediente moi prezado na cociña tradicional galega. Álvaro Cunqueiro no seu célebre libro “cociña galega”, subliña “para a cociña, pichóns”. Nesta publicación recolle numerosas receitas que empregan os pichóns condimentados con diferentes produtos e cociñado tanto guisados (como antigamente nas festas parroquiais), cocidos (caldos para doentes), ó espeto, en salsa, asados, etc. O seu uso na gastronomía local podería xerar tamén un novo atractivo turístico e cultural.

A simple **función decorativa**, como ornamento de fincas e casas rurais de Galicia e tamén en Teo, explica a construción da maioría dos novos pombais. Só posúen un valor estético e un uso moderno como pequenos alboios ou adegas mais non deixan de ter interese ó embelecer o noso rural e lembrarnos a importancia que no seu día tiveron os pombais tradicionais.


Nos últimos anos experimentamos certa recuperación no eido da agricultura tradicional moi valorada por certo sector de consumidores que aprecian cada vez máis os produtos ecolóxicos. Se cadra este tipo de actividades de rexeneración do agro e das prácticas máis tradicionais pode contribuír a valorizar a paisaxe rural e á protección destes bens da arquitectura popular acadando un maior equilibrio dos ecosistemas ambientais. Certo é que os pombais dificilmente recuperaran o seu protagonismo doutros tempos mais estas prácticas si poderían axudar á preservación destes elementos que confiren á bisbarra compostelá características paisaxísticas propias e singulares.

5. UNHA VISIÓN XERAL DOS POMBAIS TEENSES

CADRO XERAL


ID	PARROQUIA	NOME	LUGAR	TIPOLOXÍA	ESTADO	TRADICIONAL	ACTIVIDAD	TITULARIDADE
1	CALO	POMBAL DO PAZO DE ADRÁN	ADRÁN	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
2	CALO	POMBAL DE ADRÁN 2	ADRÁN	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
3	CALO	POMBAL DA IGREXA_CALO	IGREXA	CADRADO/RECTANGULAR	R	SI	NO	PRIVADA
4	CALO	POMBAL DE AMENEIRO	AMENEIRO	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
5	CALO	POMBAL DE VILAVERDE	VILAVERDE	POLIGONAL	B	SI	SI	PRIVADA
6	CALO	POMBAL DO AGRO DOS CHAOS_MOUROMORTO	MOUROMORTO	CIRCULAR	R	SI	NO	PRIVADA
7	CALO	POMBAL DE SOCASTRO	SOCASTRO	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
8	CALO	POMBAL DE CABANAS	CABANAS	CIRCULAR	M	SI	NO	PRIVADA
9	CALO	POMBAL DE FRANCOS 1	FRANCOS	CIRCULAR	R	SI	NO	PRIVADA
10	CALO	POMBAL DE FRANCOS 2	FRANCOS	CIRCULAR	M	SI	NO	PÚBLICA (EXPROPIADO)
11	CALO	POMBAL DA CASA GRANDE DE CORNIDE	CORNIDE	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
12	CALO	POMBAL DE CORNIDE 2	CORNIDE	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
13	LUOU	POMBAL DA CASA DOS KIWIS_SEIXOS 2	SEIXOS /ESPASANDE	CIRCULAR	B	NO	NO	PRIVADA
14	LUOU	POMBAL DE SEIXOS	SEIXOS	CADRADO/RECTANGULAR	R	NO	NO	PRIVADA
15	LUOU	POMBAL DE RUIBAL EN BUSTELO	BUSTELO	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
16	LUOU	POMBAL DE BUSTELO 2	BUSTELO	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
17	LUOU	POMBAL DA CHANCA_BUSTELO	BUSTELO	CIRCULAR	R	SI	NO	PRIVADA
18	LUOU	POMBAL DA REITORAL DE LUOU	REITORAL	CIRCULAR	B	SI	NO	PÚBLICA (CEDIDA)
19	CACHEIRAS	POMBAL DA IGREXA_CACHEIRAS	IGREXA	CIRCULAR	B	SI	SI	PRIVADA
20	CACHEIRAS	POMBAL DA CASA FRANIL / URBANIZACIÓN AS POMBAS	CACHEIRAS	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
21	CACHEIRAS	POMBAL DA CASA CARBALLO	CACHEIRAS	CADRADO/RECTANGULAR	M	SI	NO	PRIVADA
22	CACHEIRAS	POMBAL DA CASA RAVIÑA	CACHEIRAS	CADRADO/RECTANGULAR	B	NO	NO	PRIVADA
23	RECESENDE	POMBAL DO CASAL	CASAL	CIRCULAR	B	SI	SI	PRIVADA
24	RECESENDE	POMBAL DE SEOANE	SEOANE	CIRCULAR	R	SI	NO	PRIVADA
25	OZA	POMBAL DO CASAL DE VEITUREIRA (RIBAS 1)	RIBAS	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
26	OZA	POMBAL DE RIBAS 2	RIBAS	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
27	OZA	POMBAL DE VILANOVA	VILANOVA	CIRCULAR	B	NO	NO	PRIVADA
28	OZA	POMBAL DO CASAL DE GONDELLE	GONDELLE	CIRCULAR	M	SI	NO	PRIVADA
29	RARIS	POMBAL DO CASAL DE BUELA	BUELA	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
30	RARIS	POMBAL DE CASAL DE REIS	REIS	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
31	REIS	POMBAL DO IGREXA REIS	IGREXA	CADRADO/RECTANGULAR	R	NO	NO	PRIVADA
32	REIS	POMBAL DO CALVARIO	CALVARIO	CIRCULAR	R	SI	NO	PRIVADA
33	REIS	POMBAL DE SAMAR	SAMAR	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
34	REIS	POMBAL DE BARROS_VALIÑAS	VALIÑAS	CIRCULAR	B	SI	NO	PRIVADA
35	REIS	POMBAL DE OLVEIRA	OLVEIRA	CIRCULAR	R	SI	NO	PRIVADA
36	TEO	POMBAL DA IGREXA TEO	IGREXA	CIRCULAR	R	SI	NO	PRIVADA
37	TEO	POMBAL DA CASA PAZ_FONTENLO	FONTENLO	CADRADO/RECTANGULAR	B	NO	NO	PRIVADA
38	TEO	POMBAL DO VILAR 1	VILAR	CADRADO/RECTANGULAR	B	NO	NO	PRIVADA
39	TEO	POMBAL DO VILAR 2	VILAR	CADRADO/RECTANGULAR	B	NO	NO	PRIVADA
40	LAMPAI	POMBAL DE MOSTEIRO_LAMPAI	MOSTEIRO	CIRCULAR	M	SI	NO	PRIVADA

Hoxe só contamos cunha panorámica parcial dos pombais teenses grazas ós 40 pombais que localizamos nestes anos de traballo de campo. Parcial, porque as fontes consultadas, a memoria oral e a toponimia revélanos a existencia de moitos outros pombais que desapareceron nestas últimas décadas, esencialmente pola presión antrópica sobre o medio. Sirva de exemplo, fincas nomeadas como Pombal (Igrexa - Calo, Rúa de Francos, Cacheiras), a Veiga do Pombal na Ribeira (Cacheiras) ou en Casalonga (Calo), As Pombiñas en Requián (Cacheiras), Pombal de Santa Marta (Teo), Veiga do Pombal de Mosteiro (Lampai), o Pombal do Cura do Igrexario (Bamonde), onde houbo pombais que nalgúns casos aínda lembran os nosos maiores. Probablemente se sumamos os corenta actuais, ós citados no Catastro de Ensenada xa perdidos, os que figuraban nos planos antigos hoxe desaparecidos e as sinaladas referencias documentais e orais, o seu número achegaríase ós cen ó longo da historia. Non conservamos ningún pombal nestas catro parroquias: Bamonde, Vilariño, Lucí e nos Tilos, aínda que cando menos en Bamonde e Lucí si os houbo.



Distribución dos pombais de Teo por parroquias

Na actualidade consérvanse no termo municipal de Teo 32 pombais que podemos nomear como históricos, todos eles cando menos centenarios. Boa parte deles sitúanse en predios que tiveron un papel relevante na historia de Teo ou pertenceron a familias ou persoeiros destacados en diferentes eidos.



Pombal desaparecido no linde entre as aldeas de Espasante e A Igrexa na parroquia de Luou. IGN.1940. AMT

Porén, só 8 destes pombais figuran no actual Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado en 2010 e no Plan Básico Autonómico (PBA) da Xunta de Galicia onde constan todos os bens patrimoniais inventariados. No PXOM constan no apartado, “outros elementos” os seguintes (p.15):

DENOMINACIÓN	LUGAR-PARROQUIA
Pombal do Pazo de Adrán	Adrán (Calo – S.Xoán)
Pombal	Vilaverde (Calo- S.Xoán)
Pombal	Bustelo (Luou - S.M.)
Pombal	A Igrexa (Luou - S.M.)
Pombal do Casal de Buela	Buela (Rarís)
Pombal	Casal (Recesende)
Pombal	Oliveira (Reis)
Pombal de Valiñas	Valiñas (Reis)
Pombal de Ponte	Luou


É curioso que consten sinalados máis pombais nos planos catastrais ou nos topográficos dos anos corenta que na planimetría do Plan Xeral de Ordenación Municipal (2010).

Por tanto, este feito pon de manifesto a desprotección da grande maioría dos pombais antigos de Teo ó carecer de calquera tipo de medida que garanta a súa conservación. O primeiro paso para protexer estes elementos é a súa catalogación como ben cultural. Un feito que pon en serio risco a preservación total ou parcial destes bens. É evidente que o inventario patrimonial teense precisa dunha urxente e necesaria actualización na que figuren estes pombais e outros moitos bens que eviten a súa desaparición ou as transformacións pouco respectuosas cos citados bens.

Estes pombais teenses seguen a tendencia e características xerais da bisbarra de Compostela e, en xeral, de Galicia. Esencialmente é unha construción das aldeas máis rurais, afastados dos núcleos máis poboados, coa excepción do Pombal da Urbanización das Pombas en Cacheiras no que a presión urbanística da zona explica a súa situación actual. Malia todo, tivo a sorte de ser respectado e valorizado coa súa contorna a diferenza doutros moitos que non gozaron da mesma sorte.

5.1 Tipoloxía dos Pombais de Teo

O modelo arquitectónico predominante é o circular, corpo único coa cuberta cónica, cunha altura variable que oscila entre os 2 e 5 metros. Tamén varía o seu diámetro con exemplares de grande tamaño como o Pombal da Casa Grande de Cornide, Casal de Buela, Casal de Samar cuns 6 metros de diámetro. Pola contra, outros son máis modestos como o do Pombal de Olveira en Reis ou o Pombal do Agro dos Chaos en Mouromorto con pouco máis de 3 m. Curiosamente son tamén os pombais destas casas labregas que, aínda de bo porte, son moito máis humildes cos pombais que ollamos nas casas grandes, pazos ou reitorais de Teo. En total, conservamos 31 pombais circulares, 8 de planta cadrada/rectangular e só 1 de planta poligonal, o fermoso pombal decimonónico da aldea de Vilaverde ó carón do Río Tinto.



Estado de conservación

En canto o seu estado de conservación é tamén moi desigual. Nas últimas décadas algúns dos máis singulares foron reformados como o da Casa Grande de Cornide, os dous da aldea de Bustelo, o de Vilaverde, Pazo de Adrán, Reitoral de Luou, etc. No sentido oposto, hai tamén varios en estado ruinoso e a piques de desaparecer como son os casos do Pombal de Mosteiro, o único da parroquia de Lampai, o Pombal do Casal de Gondelle, etc. No caso do antigo pombal da aldea de Cabanas no linde con Brión, a situación é aínda máis extrema pois só conservamos os seus alicerces. Finalmente outros, aínda que manteñen a súa estrutura orixinal, presentan serio risco de precipitarse ó chan en calquera momento logo de moitos anos de desatención e abandono como acontece co Pombal da Casa Carballo na parroquia de Cacheiras ou no pombal da igrexa en Reis.

Os tellados son os elementos máis delicados e febles e os que máis acusan o abandono e o paso do tempo, moitos carecen desta parte fundamental do pombal. Porén, tivemos a fortuna de poder ollar aínda os tellados orixinais centenarios dalgúns destes antigos pombais como no caso do Pombal da aldea de Ameneiro ou do Pombal da Igrexa de Calo. Resulta sorprendente ollar os armazóns empregados co seu piar central, vigas e viguetas, tarimas, etc. Son obra de carpinteiros que eran verdadeiros mestres nesta labor. O tellado xoga un papel esencial para a boa protección da construción e lograr que os pombais sexan o máis herméticos posibles o que garante a súa preservación ó longo do tempo. Tamén resulta curioso reparar nos seixos e pedras colocadas para soste as tellas curvas tradicionais na cuberta exterior, daquela aínda non empregaban os ganchos para fixalas que usamos nas construcións actuais.

O tellado é a parte que primeiro desaparece logo de anos de abandono. Xa o di o refrán, “o pombal esborrallado non precisa do tellado”. Neste senso, temos que indicar tamén que na maioría dos pombais restaurados de Teo non se conservou a cuberta orixinal. Moitos deles xa non contan co tellado primitivo no momento de comezar as obras e noutros casos o alto prezo de preservar e restaurar o tellado orixinal con técnicos especializados levou ós seus propietarios a súa substitución por outros materiais e outros remates que pouco ou nada teñen que ver coa cuberta primitiva. Non é a mellor solución pero polo menos lograron garantir a preservación do pombal e poder darlle un novo uso.

Pombais con actividade

Outro aspecto a destacar son os 3 pombais activos que aínda manteñen diariamente varias parellas de pombas entrando e saíndo polas garitas: o pombal de Vilaverde, o pombal da Igrexa de Cacheiras e o Pombal de Casal en Recesende. É como ver bater as ondas do mar na praia ou o crepitar da madeira ó lume, poderíamos pasar horas vendo aparrulados esta escena unha e outra vez. Poder ollar as pombas paseando polo beiril é tamén un bo indicador climático segundo nos contaba un dos propietarios, analizando os seus movementos eran quen de predicir o tempo.



Porcentaxe dos Pombais en activo en relación ó número total

Usos e costumes

O uso tradicional da cría de pombas foi substituído, na maioría dos pombais restaurados por novas funcións acordes ós novos tempos e ás novas necesidades dos/as seus propietarios/as. Algúns foron reconvertidos en fermosas adegas, como os casos do Pombal da Casa Grande de Cornide ou no Pombal de Ruibal en Bustelo, onde as botellas de viño encaixan perfectamente nos ocos dos antigos nichos das pombas. Noutros casos son simples alboios para gardar as ferramentas do agro ou para gardar as bicicletas e outros xogos das crianzas.

En canto a súa antigüidade os máis antigos datan do século XVIII. Temos proba testemuñal da súa existencia en 1752 pois figuran no catastro de Ensenada como os do igrexario de Calo e Cacheiras. Por outra banda, o máis recente é o da chamada “Casa dos Kiwis” na aldea de Seixos, construído hai só uns anos como un elemento ornamental máis da súa finca onde está ó carón de estanques, estatúas e unha pequena capela consagrada baixo advocación da virxe do Carme que evoca a atmosfera dos xardíns dos antigos pazos barrocos. Segundo o seu propietario, o pombal construído está inspirado nun antigo pombal da provincia de Pontevedra e tenta render homenaxe a estas históricas edificacións que marcaron a paisaxe rural galega.

Tamén resulta moi importante tentar manter os poucos elementos exentos e ferramentas (pá, anciños, esqueiras) relacionados coas funcións e uso primixenio destes pombais. Son escasos os que conservan as mesas centrais (Vilaverde, Seoane, Ameneiro...). Ningún conserva as bañeiras e pías instaladas á beira do pombal para que as aves puideran beber e lavarse, aínda que si nos falaron delas e as tiveron como no caso do Pombal de Olveira.

Moitos dos/as propietarios/as lembran tamén as dúas tarefas de limpeza do pombal e o uso posterior do abono producido polas pombas nas súas hortas, sempre acadando bos resultados nas colleitas que o empregaban. Outros vendían as pombas nos mercados locais ou a veciñanza da contorna con clientes fixos noutros tempos que moito apreciaban estes manxares. Tamén sinalan que pechaban os pombais ás noites para evitar roubos dos furtivos ou a entrada de certos animais perigosos, inimigos clásicos das pombas como o raposo e os roedores. Unha tónica xeral nestas charlas que mantivemos con eles/as foron as súas queixas pola falta de axudas públicas para a restauración ou o mantemento destas construcións. Certo é que os poderes públicos e as institucións públicas deberían tentar xerar novas sinerxías coa veciñanza, novas políticas neste eido e apostar con forza por un patrimonio galego en preocupante vía de desaparición e lograr frear a desaparición destes últimos pombais históricos, nas súas mans está que esta herdanza cultural chegue as xeracións futuras.

1.1- Os Pombais de Teo no Catastro de Ensenada

En xeral, os pombais figuran citados nos interrogatorios de cada parroquia en resposta ás preguntas 19, 35 a 36 xunto cos montes e prados, “Dehesas Reais”, muíños, oficios, colmeas, “artes, facultades y ejercicios existentes”. Nas parroquias da ribeira do Ulla tamén figuran referidos nestas preguntas as barcas empregadas para cruzar o Ulla que a veciñanza tamén usaban para a pesca das lampreas.

Bamonde (Catastro de Ensenada)

En la feligresía de Santa María de Vajamonde solo se halla un palomar poblado de D. Juan Mosquera, vecino de la Ciudad de Coruña, como heredero del cura anterior del presente y no regulan utilidad por servir sólo para su uso.

Calo

Uno de Carlos Pérez Pérez de San Tomés de Ames, poco poblado, cuja utilidad regulan en quarenta reales de vellón

Otro de Domingo Gesta desta freguesía, también poco poblado, cuja utilidad regulan quarenta y dos reales

Outro de Joseph Antonio Rodríguez, cura de esta freguesía, poco poblado, cuja utilidad regulan en treinta reales

Otro de Fernando Calvo, también vecino de esta freguesía, poco poblado, cuja utilidad regulan en otros treinta reales

Otro de Francisco Framil, vecino de esta freguesía, tambien mal poblado que regulan su utilidad en treinta reales

Otro de Antonio Díaz, vecino de esta freguesia y su utilidad regulan en zinquenta reales Otro de Juan Franco, vecino de esta freguesía, cuja utilidad regulan en treinta y seis reales

Couto de Francos

Uno de Alonso Martínez de este Coto, poblado y su utilidad regulan en cincuenta reales de vellón

Otro de Francisco López de la misma vecindad, poblado y su utilidad regulan en setenta reales de vellón

Cacheiras

Uno propio del Cavildo de la ciudad de Santiago que usufrutua don Florencio Carballido, vecino de esta ciudad y su tenenciero, poblado cuya utilidad regulan en sesenta y seis reales de vellón al año

Otro de Josehp Baldés Abello cura de esta feligresia. Poblado, i su utilidad regulan en cien reales de vellón

Otro de Bartholome Carneiro, previstero, vecino de esta feligresía, cuja utilidad regulan en quarenta y cinco reales de vellón

Otro de Don Manuel Domínguez, vecino de esta feligresía, que regulan en setenta reales de vellón

Lampai

Non constan no interrogatorio.

Lucí & Vilariño

(en resposta á pregunta núm. 19).

Hay dos palomares, el uno en esta freguesía de Vilariño, propio de Don Pedro de la Iglesia, cura de ella, y no le regulan utilidad por servirle solo para el consumo de su casa y el otro en la freguesía de Santa Marina de Lucí, proio de Bizente Bustelo, vecino de ella, y le regulan de utilidad al año treynta reales.

Luou

Uno de Antonio de Montes, vecino de esta feligresía, cuia utilidad regulan en quarenta reales de vellón al año

Otro de D. Agustín Valdivieso, cura de esta feligresia, cuio producto regulan en quarenta reales de vellón al año

Oza

No libro de respostas xerais figuran os pombais nun anexo ó interrogatorio xeral, preguntas 35 e 36, que non puidemos consultar. O libro de legos atópase en moi mal estado de conservación


Rarís

Uno de D. Pablo Troneiso, vecino de la Freguesía de San Juan de Leiro, poblado, y su utilidad anual regulan en cinquenta reales de vellón

Lista “cierta y verdadera” que asina o maiordomo e o perito, Domingo Rodríguez e Agustín Domínguez

Recesende

Uno de Juan Seoane, poblado, cuya utilidad anual regulan en quarenta y seis reales de vellón



Reis

Uno de Juan García de esta freguesía, poblado, que regulan su utilidad en sesenta reais de vellón

Otro de Antonio García de la misma vecindad, asimismo poblado que igual regulan su utilidad en sesenta reales de vellón

Otro de Andrés Caxaraville, vecino de esta feligresia, poblado, cuja utilidad regulan en cinquenta reales de vellón

Otro de Juan Antonio Gonzales, presvitero de la misma vecindad que regulan su utilidad en cinquenta reales de vellón

Otro correspondiente a la tenencia del cavildo de la ciudad de Santiago cuja utilidad anual regulan en setenta reales de vellón

Reconocimiento de Palomares

Haviendo los Señores hecho el
reconocimiento de los Palomares que
comprenden los terminos de esta f.^a de
claran aver los mismos que comprenden
de la anterior operacion sin defen-
cia de mas ni menos y regulacion
la utilidad ^{de} cada uno puede pro ducir al
año en esta manera

El del Cavildo de Santiago que una
frutua D.^o Florencio Carralido su Thenen-
ciéro en sesenta y s. vellon

El de D.^o Joseph Valdes Cuxa
y Retor de esta f.^a cien reales vellon

El de D.^o Bartholome Car-
neyro Presvitero difunto que una frutua
Domingo Carneyro el mayor en cien y s.
vellon

El de D.^o Manuel Dornier
que en cien reales vellon

Reconocimiento de Palomares

Habiendo los Peritos hecho el reconocimiento de los Palomares que comprenden los términos de esta Fr^a (freguesia) declaran aver los mismos que comprende la anterior obperacion y regularon la utilidad que cada uno puede producir al año en esta manera

El del cabildo de Santiago que un usufrutua Dn. Florencio Carvallido su Thenenciero en sesenta rs (reales) vellon

El de Dn. Josehp Valdes cura y retor de esta fr^a (freguesía) cien reales vellon

el de Dn. Bartholome Carneyro Previtero difunto que usufrua Domingo Carneyro el mayor en cien rs. (reales) Vellon

El de Dn Manuel Dominguez cien reales vellon

Expediente de Comprobación de bens, rendas e cargas da freguesía de San Simón de Ons de Cacheiras (Xiro da Rocha), realizado por Decreto de decembro de 1760 para o establecemento da Única Contribución. Archivo General de Simancas. DGR. 1RE, 1199.

Teo (Libro de Legos)

Aldea de Mallos

Doña Isabel Castroverde, vecina de la ciudad de Santiago. Tiene uno poblado en la aldea de Santa Marta y le sirve para el consumo de su casa.

6. A (DES)PROTECCIÓN DOS POMBAIS GALEGOS

Os pombais xunto cos hórreos e os cruceiros son os monumentos máis representativos dentro do amplo e fecundo patrimonio etnográfico galego. Porén, son o elemento máis esquecido dentro do corpus lexislativo que procura a súa protección, conservación, posta en valor, difusión e promoción cultural dos bens materiais e inmateriais de Galicia. A lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, dedica o capítulo III, artigo 91, ós bens que integran este patrimonio etnolóxico. Figuran referidos máis de 20 elementos, póren non citan os pombais. Imaxinamos que é só un descoido pero pon de manifesto este aspecto de certa desconsideración cara esta tipoloxía de bens culturais en relación con outros. Consideramos que merecen a mesma atención que os cruceiros, hórreos, batáns, muíños, alvarizas, pontellas, neveiros, fornos, pesqueiras, etc. Do mesmo xeito que hai subvencións periódicas para a restauración de hórreos e outros elementos patrimoniais deberían destinarse máis fondos ó arranxo dos pombais, polo menos daqueles catalogados merecentes da súa protección. A única mención da Lei do Patrimonio ós pombais figura no artigo 38 onde si establecen unha contorna de protección para aqueles pombais catalogados de 20 metros. E dicir, a mesma que posúen os hórreos e os cruceiros. Tamén demostra este “certo desinterese” cara os pombais, o feito de que os hórreos, cruceiros e petos de ánimas anteriores a 1901 teñan a consideración de bens de interese cultural, polo que gozan da maior protección establecida na lexislación neste campo. Porén, neste aspecto tampouco se fai alusión ós pombais que, na nosa opinión, deberían ter a mesma consideración, como outro dos elementos etnolóxicos definidores do patrimonio tradicional galego e da paisaxe da Galiza Rural.

7. CONCLUSIÓN XERAL E UN ROGO FINAL

Desafortunadamente, a situación actual de centos de pombais galegos revela que este tipo de construcións quedaron condenados á ruína e a súa lenta desaparición, unha vez que perderon a súa función e ó carecer dun mínimo mantemento. De vagar, imos perdendo os últimos vestixios e testemuños desta importante actividade complementaria que marcou a economía rural galega noutroira.

O éxodo rural, parello ó abandono progresivo do campo dende mediados do pasado século ou a industrialización, son factores esenciais que explican a desaparición desta vella actividade da cría das pombas. Poucos “pombeiros”, criadores de pombas, quedan en Galicia, unha actividade en extinción que tivo noutroira grande repercusión.

Nesta monografía expoñemos a situación e valoración de 40 pombais localizados no termo municipal de Teo cuxos resultados poden ser unha mostra bastante próxima á realidade xeral na que se atopan estas antigas obras da arquitectura e enxeñaría popular por todo o territorio galego. Logo de meses de traballo de campo e posterior baleirado de datos das fontes documentais tradicionais, hemerotecas e novas tecnoloxías (fotografías aéreas), facilitamos os datos da súa localización e damos conta do seu estado actual.

Como conclusión final e ante a inminente desaparición de boa parte destas construcións populares, esta publicación xorde cun dobre obxectivo. Por un lado, que esta documentación sexa, cando menos, unha ferramenta máis que debe contribuír a manter viva a memoria histórica destes bens culturais teenses. Se cadra, en pouco tempos estas imaxes e datos sexán as únicas testemuñas que conservemos dalgúns dos pombais teenses. Por outro lado, tentar sensibilizar ós nosos gobernantes para que poidan levar a cabo con éxito actividades en prol da conservación destes bens. Para isto, tamén pode ser clave, achegar e tentar redescubrir este patrimonio etnográfico ás novas xeracións que descoñecen os vínculos coas penurias e a austeridade sufridas no rural por xeracións de galegos e teenses durante a posguerra. Alédanos que algúns dos pombais teenses foran restaurados nos últimos anos o que amosa o valor que lle outorgan os seus donos que os coidan con grande aprecio o consideralos elementos icónicos e históricos das súas propiedades. Porén, o normal é certificar o ocaso destas antigas construcións que brillaron noutros tempos.

Rematamos, sendo voceiros dos/as propietarios/as, cun rogo ás administracións públicas e entes que velan pola protección do noso patrimonio para que logren artellar fórmulas que eviten a destrución dos nosos pombais. É importante iniciar políticas efectivas que faciliten os medios necesarios para que a veciñanza teense poida protexer e coidar destes últimos pombais. Pazos, casais, mosteiros, reitorais....ficarían mutilados coa perda destes elementos consubstanciais á súa natureza e referentes básicos da paisaxe tradicional galega. Xa o di o coñecido refrán, “casa, pombal e ciprés, pazo é”.

8. BIBLIOGRAFÍA

ALONSO PONGA, J.L. “A arquitectura tradicional nos límites galaico – leones, os pombais do Bierzo e a súa significación. En: Simposio de Antropoloxía: Verín, Chaves e Lubían entre o 11 e 13 de xullo de 1991. P. 35 – 59. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela, 1993

ALVAREZ QUIROA, M.: “Pombais e pombas en terras de Celanova”. En: Terra de Celanova e Baixa Limia. Núm. 13. p.36-37. Celanova, 2008

BLANCO RODRÍGUEZ, ANTONIO: “Os pombais de Allariz”. Aira Editorial. Allariz, 2023

CAAMAÑO SUÁREZ, M.: As construcións adxectivas. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 1999

CAMPO PROL, Luís del: “As construcións adxectivas: os pombais”. En: Revista Alcatruz. Núm. 6, p. 6-9. Ourense, 2015

GÁNDARA MARTÍNEZ, MONCHO: Tesouros de Berdoias (XVII): Os Pombais. En: Que pasa na Costa, 31 de Maio de 2020. Consulta on line (xaneiro de 2024): <https://www.quepasanacosta.gal/articulo/vimianzo/tesouros-berdoias-xvii-pomboais/20201031102738122968.html>

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Os Pombais Galegos”. En: Cuadernos de Estudios Gallegos, XXXII. P. 479 -506. Santiago de Compostela. 1982

LADRA FERNANDEZ, X.L.: “Arquitectura popular galega. Os Pombais do Concello de Valga”. En: Museo de Pontevedra, núm. 56, p. 249-256. Pontevedra, 2002.

LLANO CABADO, P. “Arquitectura popular en Galicia”. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Santiago de Compostela, 1981

PEREIRAS MAGARIÑOS, B. et al.: “Etnografía e tradición de Lalín” En: Seminario de Estudos do Deza”. Lalín, 2000

PEREIRAS MAGARIÑOS, B. “Patrimonio etnográfico do Concello de Dodro: hórreos, cruceiros, pombais e reloxos de sol / Beatriz Pereiras Magariños. Deputación da Coruña. Coruña 2021.

9. ARQUIVOS

1. ARQUIVO MUNICIPAL DE TEO:

- OFICINA DE PLANEAMENTO, S.A.: Catálogo de patrimonio cultural. Anexo Plan Xeral de Ordenación municipal. Aprobación provisional, Marzo 2007 (Aprobado o 4 de xuño de 2010).

- Rexistro fiscal de edificios e soares. 1894 (AMT. 147 - 152) & 1926 (AMT. 227 - 231)

- Ficheiros do rexistro de inmobéis da contribución urbana. 1979 - 1986. (AMT. 256 - 277, 282 - 283, 289, 294 & 428)

FOTOTECA MUNICIPAL. Galería / Álbum dos pombais de Teo

CARTOTECA AMT. Antigos planos catastrais (1956) e Planos do Instituto Geográfico Nacional – IGN (ca. 1940).

HEMEROTECA – BASE DE DATOS DO FONDO LOCAL. Novas de prensa dos xornais Gaceta de Galicia (1901, 1910 e 1915), Boletín Oficial da Provincia da Coruña – (BOP) ano 1915. Revista Teovivo (abril de 2024)

PLANOS DO POMBAL DE VILAVERDE. Doazón particular (Ramón Vieites)

2. ARQUIVO COLECTIVO A RULA

- Fototeca do Colectivo (Álbum de fotografías aéreas de Teo)

3. GALICIANA (Arquivo Dixital de Galicia)

- Inventario do Patrimonio Etnográfico Inmobiliario. Arquitectura Popular do Concello de Teo.
2001. Ref: ES.GA.15078.AG/1.1.1.1.5.4.1.10.1.81. Arquivo de Galicia

- Expedientes do Catastro de Ensenada (parroquias de Teo, Luou, Bamonde, Calo, Rarís, Cacheiras,
Recesende, Oza, Couto de Francos, Lampai, Lucí - Vilariño) Arquivo do Reino de Galicia. 1752-53

DISTRIBUCIÓN XERAL DOS POMBAIS DE TEO



Distribución xeral dos pombais teenses

FICHAS DESCRITIVAS DOS POMBAIS TEENSES



SAN XOÁN DE CALO



Numeración	Pombais
1	Pombal Pazo de Adrán
2	Pombal Adrán 2
3	Pombal Igrexa
4	Pombal Amenciro
5	Pombal Vilaverde
6	Pombal Agro dos Chaos, Mouromorto
7	Pombal Socastro
8	Pombal Cabanas
9	Pombal Francos 1
10	Pombal Francos 2
11	Pombal Casa Grande de Corride
12	Pombal Corride 2

SAN XOÁN DE CALO

01 POMBAL DO PAZO DE ADRÁN

LUGAR	ADRÁN
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.832447.-8.585135



Fotografía exterior



Fotografía exterior coa porta de acceso



Pormenor da cuberta, archete e pináculo do cumio

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi bo
CRONOLOXÍA:	Século XVIII
VISIBLE DENTE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	SI
TITULARIDADE:	PRIVADA CIVIL
DIMENSIÓNS:	APROX. 5 METROS DE DIÁMETRO

DESCRICIÓN:

Pombal circular con cuberta cónica e pequeno archete. Está situado no lugar de Adrán na parroquia de Calo, nun predio privado dun pazo do século XVIII, actualmente dedicado a actividades de hostalaría e restauración. É un dos pombais de maior tamaño na parroquia, perdeu o uso tradicional e funciona como adega do restaurante. Atópase en perfecto estado de conservación, recibado de cal e pintado na parte exterior .

Na parte interior conserva en perfecto estado os nichos das pombas.

A pesar de ser de titularidade privada, o feito de figurar nun complexo turístico aberto ó público permite a súa visita polo que podemos ollar numerosas fotografías deste pombal nas redes sociais.



02 *POMBAL DE ADRÁN 2*

LUGAR	ADRÁN
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.832581.-8.58642



Fotografía exterior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Moi ben</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XX</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	<i>SI</i>
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>NON</i>
TITULARIDADE:	<i>PRIVADA CIVIL</i>
DIMENSIÓNS:	<i>APROX. 2,5 METROS DE DIÁMETRO</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado no lugar de Adrán na parroquia de Calo nun predio de propiedade privada. Está situado moi preto da vivenda á diferenza do resto de pombais analizados. Pódese observar dende o exterior da propiedade. Posúe as paredes á pedra vista e a tradicional cuberta cónica, está en moi bo estado de conservación.

03 POMBAL DA IGREXA (CALO)

LUGAR	A IGREXA
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.823731.-8.592152



Situación do pombal á entrada do predio enfronte dunha hórrea



Interior, nichos



Exterior, porta de acceso dende a eira da reitoral

PLANTA:	Rectangular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Precisa intervención
CRONOLOXÍA:	Século XVIII
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	NON
TITULARIDADE:	PRIVADA ECLESIAÍSTICA
DIMENSIÓNS:	APROX. 3,5 DE FONDO E 2,85 DE ANCHO

DESCRICIÓN:

Pombal rectangular situado no predio do cura do igrexario parroquial de San Xoán de Calo. Construción de planta rectangular, acorado ó lateral do muro perimetral que linda toda a propiedade. Precisa dunha intervención urxente de roza e limpeza da vexetación, dende o exterior é difícil de ver polas edras e maleza que o cobren. Malia que é dos poucos que conservan boa parte dos elementos estruturais orixinais, tanto do interior como do exterior e da cuberta, precisaría dunha boa restauración para evitar a súa degradación. Na parte exterior destaca o seu pousadoiro, tamén en bo estado. A súa cuberta é case plana. No interior conserva en bo estado a grande maioría dos nichos das pombas que destacan pola grande dimensión, probablemente o que presenta os nichos de maior tamaño (35 cm de fondo por 25 cm de alto e 30 cm de ancho). Un pombal pequeno pero que aproveita ben o espazo, con nichos sobre a propia porta de entrada

Unha imaxe histórica dos fondos do arquivo municipal permítenos comparar o estado actual do pombal e da súa contorna coa eira e o pombal no ano 1922, situado ó fondo na parte esquerda da fotografía. (Páx 58)



Exterior



Interior, porta de acceso dende a eira da reitoral



Interior, pormenor da estrutura da cuberta



Aira da familia Calvo en Igrexa - Calo en 1922. O pombal da igrexa figura ó fondo á esquerda, fronte a meda e a horrea. Fototeca Arquivo Municipal (Doazón Ramón Calvo)

04 POMBAL DE AMENEIRO

LUGAR	A IGREXA
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.824281.-8.605775



Vista exterior



Plano do IGN do 1940 onde figura o pombal

GACETA DE GALICIA

EDICTOS JUDICIALES.

D Ramón Fernández y González,
Juez de 1.ª instancia de Santiago.

Hago público: Que por virtud de autos ejecutivos, hoy en la vía de apremio, á instancia del procurador D. Victoriano Paz, representando á doña Antonia Gacia, Carbia, propietaria y vecina del termino municipal de Monterramo, en el partido de Puebla de Trives, contra D. Ramón Gallego Díaz, de San Juan de Calo, distrito de Too, partido de Padrón, sobre pago de 6000 pesetas é intereses, fueren embargadas y tasadas al último y se acordó sacar á pública licitación con la rebaja del 25 por 100 por falta de licitadores en la primera subasta que se verificó últimamente, las siguientes fincas.

13. Una casa en el lugar de Ameneiro sin número, y le corresponde el 5, es de planta baja y piso alto, la que coje en su fondo con inclusión del corral una casa y dos casetas, un palomar y más terreno unido á huerta, viñedo, labradío, aira y tojal, superficie 95 cuartillos y un tercio. La parte baja se compone á su entrada de un zaguán y después una cocina con tres cuadras, y una pocilga debajo de la escalera. Lo alto se compone de dos salas.

15/07/1887

Nota de prensa do ano 1987 coa descrición do predio

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Precisa intervención
CRONOLOXÍA:	S XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	NON
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	NON
TITULARIDADE:	PRIVADA CIVIL
DIMENSIONÍS:	APROX. 4 METROS DE DIÁMETRO

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado no lugar de Ameneiro na parroquia de Calo nun predio de propiedade privada. En 1887 figura xa mencionado nunha noticia de prensa do xornal “Gaceta de Galicia”.

O seu estado de conservación é regular. No interior do pombal destaca a mesa central, conta con pousadoiros de madeira sobre os nichos para axudar ás pombas a moverse polo interior. Porén, o elemento máis destacado é a súa cuberta, é dos poucos que conservan a súa estrutura orixinal de madeira cun piar central e vigas e viguetas que sosteñen o tellado.

Posúe a cuberta cónica coas tradicionais tellas curvas con seixos sobre elas para evitar que se movan co vento.

A súa amable propietaria Mari Carmen Vilariño Rodríguez infórmanos que o pombal fixérao o avó do seu home.



Interior nichos




Fotografía aérea



Fotografía aérea da tella e remate do cumio



Fotografía aérea da cuberta



Pormenor da rodela e pináculo no cumio



Fotografía aérea

05 POMBAL DE VILAVERDE

LUGAR	VILAVERDE
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.824337.-8.618981



Exterior, porta de acceso



Exterior, porta de acceso



Exterior, porta de acceso



Interior. Nichos



Interior. Ovos nun dos nichos



Saída das pombas das garitas



Saída das pombas das garitas



Interior. Nichos e mesa central

PLANTA:	POLIGONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	MOI BEN
CRONOLOXÍA:	SÉCULO XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	ACTIVO
CATALOGACIÓN:	SI

DESCRICIÓN:

Precioso pombal, único en todo o concello de Teo pola forma poligonal da súa planta (octogonal). Atópase nunha casa privada construída no ano 1869 e situada nun espectacular entorno ó carón do río Tinto no lugar de Vilaverde na parroquia de Calo.

Actualmente está en activo e cando o visitamos podemos ver varios nichos con ovos. A veciñanza da contorna aseguraba que nunca deixou de estar en activo e chegou a contar con máis dun cento de pombas.

O pombal levántase aproveitando, en parte, unha rocha que lle serve de cimento .O exterior está recebado de cal e pintado. Conta con cinco garitas no exterior para o acceso das pombas, colocadas enriba dunha soleira que bordea todo o pombal.

O interior do pombal tamén ten forma octogonal e conta con 198 nichos perfectamente aliñados. Carece de lousa interior, empregada noutros pombais para evitar a subida dos ratos. Na parte central conserva a mesa de 90 cm. de diámetro, tamén de forma octogonal, emprégase como comedero para alimentar ás pombas, sobre todo en tempos de invernía.




Cóntanos o seu propietario, Ramón Vieites Castiñeiras, que o pombal foi restaurado hai uns 30 anos grazas a unha subvención pública. As obras consistiron na restauración da cuberta, substituíndo a orixinal de madeira en mal estado pola actual en ladrillo e o cambio da tella antiga por outra nova, empregando a tradicional tella curva do país.

O Sr. Vieites recorda como hai uns 50 anos a súa avoa facía saborosos pratos cos pichóns, receitas que pasaban de xeración en xeración. “Que boas estaban aquelas empanadas de pichóns!!!” Tamén falounos da práctica de colocar incenso na mesa central no interior para tentar atraer novamente ás pombas que marcharan para outro pombal da zona. As pombas asociaban este recendo co seu fogar e deste xeito propiciaba o seu regreso ó pombal.



Localizamos no arquivo municipal unha interesante fotografía antiga dos anos corenta do século pasado que testemuña a típica paisaxe da Galicia Rural daquela época. Vemos o pombal, a meda e a vivenda tradicional nun segundo plano, mentres tres pescadores pasan un bo rato de lecer á beira do Río Tinto. Daquela había pombas en todos os pombais e numerosas troitas neste regato que atravesaba a Maía.




Pombal de Vilaverde, ca 1940. ANT





Plano de planta




Planos do pombal. Autor: Ramón Vieites Castiñeiras









06 *POMBAL DO AGRO DOS CHAOS*

LUGAR	MOUROMORTO
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.814250,-8.592349



Interior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Precisa intervención</i>
CRONOLOGÍA:	SÉCULO XVIII-XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	NON
TITULARIDADE:	PRIVADA CIVIL
DIMENSIONES:	APROX. 3,50 METROS DE DIÁMETRO

DESCRIPCIÓN:

Pombal pequeno de planta circular, parcialmente caleado, situado nun predio privado no lugar de Mouromorto na parroquia de Calo. Podémolo apreciar dende o exterior da propiedade. Na parte interior conserva os nichos perfectamente aliñados. Pertence á familia Pascual / Gallego dende polo menos o século XIX. Esta familia tamén sufragou os gastos dun dos cruceiros (1856) que forman parte do camiño sacramental que atravesa a aldea. Actualmente carece de tellado e precisaría unha intervención para garantir a súa preservación. Nunca foi restaurado.



Exterior



Exterior porta de acceso



Interior



Pombal de Mouromorto. IGN. 1940. ANT

07 POMBAL DE SOCASTRO

LUGAR SOCASTRO

PARROQUIA Calo


COORDENADAS 42.819014,-85.91872



Exterior



Casal de Socastro



Noticia no Boletín da Provincia da Coruña do 14 de maio de 1915 sobre a poxa desta propiedade que inclúe o pombal.

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi ben
CRONOLOXÍA:	SÉCULO XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	NON
TITULARIDADE:	PRIVADA CIVIL
DIMENSIONÍS:	APROX.4 METROS DE DIÁMETRO

DESCRICIÓN:

Pombal de planta circular situado nun predio privado dun antigo casal na aldea de Socastro na parroquia de Calo. Grazas a unha nova do Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 14 de Maio do ano 1915 sobre a poxa desta propiedade, contamos cunha boa relación das dependencias e elementos que inclúe o predio, entre eles o seu pombal que chegou en bo estado ós nosos días, restaurado non hai moitos anos. Podémolo contemplar dende o exterior da propiedade.

08 POMBAL DE CABANAS

LUGAR

PARROQUIA

COORDENADAS

CABANAS / RÚA DE FRANCOS

CALO

42.807420, -8.6280470



Plano catastral coa situación do pombal



Exterior, ruínas



Vista xeral do exterior

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Ruinoso
CRONOLOXÍA:	Século XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	NON
TITULARIDADE:	PRIVADA CIVIL
DIMENSIÓNS:	APROX. 4 METROS DE DIÁMETRO

DESCRICIÓN:


Pombal circular situado nunha parcela de monte privada ao carón do despoboado de Cabanas no linde con Brión. Só fican os alicerces e arrinque do muro deste pombal que aínda recorda a veciñanza da zona xa que, segundo relatan, era moi visitado cando estaba en activo.

Foi toda unha aventura chegar ata el xa que a maleza dificultaba a súa localización. Tampouco sabiamos a súa situación exacta ata que, grazas á súa propietaria Alcira Ferrón, veciña da aldea de Francos, logramos dar con el. Alcira facilitounos un antigo plano da concentración parcelaria que foi clave para localizar os restos do pombal.

Na actualidade conserva un lateral do muro exterior, que aínda alcanza uns 120 cm de altura. Non se aprecian restos na parte interior dos niños nin da porta de acceso ó mesmo. Podemos apreciar claramente que era de forma circular, duns 4 metros de diámetro. Atópase nunha parcela de monte na parte máis alta da aldea, separada dunha vivenda que marca o linde entre os concellos de Teo e Brión.

09. POMBAL DE FRANCOS 1

LUGAR	FRANCOS
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.812387,-8.621756



Vista exterior

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Ben
CRONOLOXÍA:	SÉCULO XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	NON
TITULARIDADE:	PRIVADA CIVIL
DIMENSIÓNS:	APROX.4 METROS DE DIÁMETRO

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado no predio dunha casa no medio da aldea de Francos na parroquia de Calo. Trátase dun pombal moi antigo que fica “camuflado” entre as árbores froiteiras na parte SE dun predio cerrado por un muro e ó carón dun hórreo tamén centenario e doutras edificacións anexas á vivenda principal. Conta cunha pequena porta de acceso orientada ó NE, está caleado e conserva a cuberta orixinal con tella do país, cornisa e cumio con remate nun pináculo sobre unha rodela. O seu estado é bastante bo, máis precisaría dunha pequena intervención para garantir a súa boa preservación no futuro.

10 *POMBAL DE FRANCOS 2*

LUGAR	FRANCOS
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.808965,-8.622235



Exterior lateral oeste



Interior, cuberta restaurada



Casal de Socastro

PLANTA:	Semicírculo
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Precisa intervención
CRONOLOXÍA:	século
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	NON
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.4,10 metros de frente e 2.50 metros de fondo

DESCRICIÓN:

Pombal semicircular situado na beira da estrada N-550 no lugar de Francos na parroquia de Calo. Coa reforma e ampliación da estrada foi expropiado e queda só a metade do pombal orixinal. Polo oeste, conserva o seu estado orixinal de forma circular e mesmo no interior mantén os nichos para aniñar as pombas, porén no lateral oposto, o que dá á nacional sufriu graves danos e alteracións. A veciñanza pechou este lateral cun lenzo de parede recta que presenta tres garitas para a entrada das pombas.

É outra mostra máis do pouco valor e aprecio que lle deron os técnicos responsables desta ampliación da estrada que permitiron tal aberración. O normal, noutro país calquera, é que fora trasladado a algún outro enclave da aldea e fora restaurado.

11 *POMBAL DA CASA GRANDE DE CORNIDE*

LUGAR	CORNIDE
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.805347,-8.603744



Vista exterior



Vista interior



Vista interior cuberta restaurada



Vista xeral do exterior

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi ben
CRONOLOXÍA:	Século XVIII
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	NON
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.6 metros de diámetro

DESCRIPCIÓN:

Pombal de planta circular restaurado situado no lugar de Cornide na parroquia de Calo. Atópase na fermosa casa rural nomeada “Casa Grande de Cornide”. É un dos pombais de maior tamaño de Teo, con 6 metros de diámetro e con capacidade para 400 nichos de pombas, datado no século XVIII. O uso actual é de adega. Na parte interior, dispóñense os nichos en liña. A uns 50 cm do chan conserva a lousa que bordea todo o pombal que impedía a subida de ratos aos nichos. Na parte central hai unha peza que fai as funcións da mesa. Está caleado e pintado de branco e conta con cuberta cónica tradicional con tella de país e remate cun pináculo.

Este predio que inclúe o pombal pertenceu a Manuel Tarrio Meldi e a súa dona, María Montes Rodríguez, veciña de Luou. Ambos contraían matrimonio o 25 de abril de 1931, o primeiro enlace civil documentado en Teo. Manuel, foi un importante libreiro na cidade arxentina de Rosario e cos seus aforros reformou a Casa Grande de Cornide proporcionándolle o aspecto indiano que aínda posúe, sendo coñecida durante décadas como a “Casa do Americano”. Porén, o seu activismo político, era membro da esquerda republicana, obrigouno a exiliarse ó comezo da guerra, regresando a Arxentina onde pasaría o resto da súa vida.

En 1992, esta “casa grande” converteuse no primeiro establecemento de turismo rural en Teo e un dos primeiros de Galicia. Os clientes do establecemento poden visitar o pombal que figura moi preto da piscina aberta no verán.



Predio da Casa Grande de Cornide nun folleto turístico dos anos noventa. Ca 1996. AMT

12 *POMBAL DE CORNIDE 2*

LUGAR	<i>CORNIDE</i>
PARROQUIA	Calo
COORDENADAS	42.803846,-8.604958




Vista exterior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Ben</i>
CRONOLOXÍA:	Século XVIII -XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>NON</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.4.40 metros de diámetro</i>


DESCRICIÓN:

Pombal circular situado no predio dunha casa no medio da aldea de Cornide na parroquia de Calo. Na actualidade presenta un estado aceptable. Posúe unha porta de pequenas dimensións e conserva a cornixa e o pousadoiro.



Pombal en Cornide. I6N. 1940. AMT

SANTA MARÍA DE LUOU



Numeración	Pombais
13	Pombal Casa dos Kiwis
14	Pombal Seixos
15	Pombal Ruibal en Bustelo
16	Pombal Bustelo 2
17	Pombal A Chanca de Bustelo
18	Pombal Reitoral Luou

13 *POMBAL DA CASA DOS KIWIS*

LUGAR	<i>ESPASANDE / SEIXOS</i>
PARROQUIA	Luou
COORDENADAS	42.80125,-8.59472



Vista exterior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Moi bo</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XX</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	NON
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	NON
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox. 3.60 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado en Seixos, parroquia de Luou. Detalla o seu propietario, Juan José Castaño, que foi construído no ano 2016 seguindo as liñas e características dun pombal da provincia de Pontevedra que serviu de modelo. Atópase nun grande predio con xardíns e outros elementos ornamentais como estanques e estatuas e a recreación doutros elementos patrimoniais da paisaxe galega como un hórreo e unha capela que foi consagrada na honra da virxe do Carme. O conxunto lembra ós pazos barrocos mais adaptado ás necesidades do século XXI. O Pombal, por tanto, fica perfectamente encadrado coa súa contorna e contribúe a dar un aspecto máis tradicional ó conxunto. Na parte exterior posúe pedra a vista, e destaca o pousadoiro ó redor do mesmo . Ten a cuberta cónica coa tradicional tella do país pero cunha orixinal distribución do teito a dez augas que se observa ben dende o interior. En vez do tradicional pináculo, unha aguia adorna o cume do tellado. O pombal emprégase como alboio para gardar as ferramentas da parcela polo que non ten nichos no interior, máis o seu propietario non desbota a posibilidade de facelos e recuperar o uso tradicional do pombal.

Este pombal é un bo exemplo do interese que esperta estas antigas construcións etnográficas e tradicionais nestes novos propietarios asentados no rural, quen tentan recuperar o antigo protagonismo que tiveron estes elementos noutrora na paisaxe agraria do noso país.



Vista xeral



Interior. Detalle da cuberta

14 *POMBAL DE SEIXOS*

LUGAR	<i>ESPASANDE</i>
PARROQUIA	Luou
COORDENADAS	42.803586,-8.594379



Exterior. Vista xeral

PLANTA:	<i>Cadrado</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Ben</i>
CRONOLOXÍA:	Século XX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>NON</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.1.80 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal cadrado situado en Seixos (Luou) nun predio de propiedade privada. De construción cadrada a tres alturas. Ten revoco e o exterior está pintado.

Esta construción data de 1911 e ó longo dos anos tivo varias funcións e usos. Antigamente nesta parcela había unha fábrica de madeira (o serradoiro de Louzao e Pascual), e inicialmente era a sala de máquinas das caldeiras desta industria. O seu segundo uso foi o de garita de vixilancia e control da industria, tal como reflicten as pequenas ventás na parte inferior. Finalmente engadiuse un corpo superior para transformalo nun depósito de auga, convertendo a parte central no pombal que ollamos na actualidade, máis como elemento decorativo que funcional.



Reunión dos “homes de prol” de Teo na Fábrica de Seixos en 1927. Fotografía Almeida. AMT

15 *POMBAL DE RUIBAL*

LUGAR	<i>BUSTELO</i>
PARROQUIA	<i>Luou</i>
COORDENADAS	<i>42.809078,-8.581967</i>



Exterior, porta de acceso



Exterior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Moi Bo</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XIX-XX</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	<i>NON</i>
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Si</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.4.50 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado na aldea de Bustelo nun predio de propiedade privada. Atópase en perfecto estado, restaurado recentemente. Posúe cinco garitas perfectamente aliñadas e do mesmo tamaño. No interior conserva en bo estado as estruturas para o aniñado das pombas. Actualmente cumpre a función de adega, no interior mantén a mesa central e a repisa inferior serve de asento.



Interior



Vista xeral

16 *POMBAL DE BUSTELO (2)*

LUGAR	<i>BUSTELO</i>
PARROQUIA	Luou
COORDENADAS	42.808291,-8.582514



Interior



Exterior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Moi Bo</i>
CRONOLOXÍA:	Século XIX-XX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	NON
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Si</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.4 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado na aldea de Bustelo nun predio de propiedade privada. Na actualidade está en prodeso de restauración. Posúe tellado, catro garitas desiguais oientadas o S e está coa pedra á vista. Accédese o interior baixando dous chanzos dunha esqueira, conserva perfectamente as estruturas para o aniñado das pombas. Pódese divisar dende o camiño que pasa a rentes da parcela.

17 *POMBAL DE PONTE/POMBAL DE BUSTELO (3)*

LUGAR	BUSTELO
PARROQUIA	Luou
COORDENADAS	42.805263,-8.583433



Pombal en 2008. AMT- Doazón A. Parajó



Exterior



Vista xeral coa igrexa de Santa María de Luou ó fondo. 2008. AMT- Doazón A. Parajó




Interior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Ruinoso</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XIX</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	<i>SI</i>
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Si</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.4,50 metros de diámetro</i>

DESCRIPCIÓN:

Pombal circular situado na aldea de Bustelo nun predio de propiedade privada. Nomeado tamén como Pombal de Ponte (nome do antigo propietario) ou da Chanca, pola proximidade ó Regato da Chanca. Na actualidade o seu estado é ruinoso, carece de tellado e da porta de acceso e perdeu o revoco de revestimento exterior das paredes. Mantén a cornixa e o pousadoiro. No interior conserva en bo estado as estruturas para o aniñado das pombas. Aínda que está cuberto por hedras tanto polo exterior como polo interior, a parcela na que se atopa soe estar rozada e limpa e podemos divisalo dende a pista que discorre ó longo da propiedade e ó carón do regato (Rego da Chanca, de Loureiro ou de Sestelo) polo que pasa a chamada “Ruta das Muíñeiras” acondicionada hai uns anos polo concello. O pombal, ó igual cos muíños, podería ser outro dos puntos de interese desta ruta. Cóntanos o seu propietario que recorda ben cando estaba cheo de pombas, e como as pombas “ladroas” traían a este pombal exemplares doutros pombais veciños. Segundo o noso informante, foi construído no ano 1815 por unha familia que emigrou a Arxentina e, polo visto, tiñan moita amizade co papa Pío XII.

Logo de ollar as fotos do pombal que conserva o arquivo municipal puidemos comprobar a rápida degradación que experimentou na última década debido ó seu abandono.



Situación de dous pombais da aldea de Bustelo nun plano topográfico do IGN. Ca.1940. AMT

18 *POMBAL DA REITORAL*

LUGAR	A IGREXA
PARROQUIA	Luou
COORDENADAS	42.802402,-8.583874



Exterior



Interior

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Precisa intervención
CRONOLOGÍA:	Século XVIII-XIX
VISIBLE DENTE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Si
TITULARIDADE:	Privada eclesiástica
DIMENSIONES:	Aprox.5 metros de diámetro

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado ó carón da Igrexa de Santa María de Luou nun predio de propiedade privada que foi cedida ó Concello temporalmente para a súa valorización social. Na actualidade carece de tellado. Está en pedra á vista. No interior conserva perfectamente as estruturas para o aniñado das pombas. A parcela na que se atopa está limpa e é un dos poucos que podemos visitar sen ningún tipo de restricións. É, xunto cunha hórrea próxima, outro dos elementos máis importantes do antigo predio da “Horta do Cura” da reitoral de Luou polo que consideramos todo un acerto a súa restauración e posta en valor.



Vista aérea do lugar da igrexa en Luou. Arquivo Colectivo A Rula



Vista aérea do campo da festa de Luou onde podemos ollar o pombal na “horta do cura” detrás do reitoral. Arquivo Colectivo A Rula

SAN SIMÓN DE CACHEIRAS



Numeración	Pombais
19	Pombal Igrexa
20	Pombal Urbanización As Pombas
21	Pombal Carballo
22	Pombal Raviña

19 ***POMBAL DA IGREXA (CACHEIRAS)***

LUGAR	<i>A IGREXA</i>
PARROQUIA	Cacheiras
COORDENADAS	<i>42.821265,-8.551040</i>



Exterior con pombas

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Moi ben</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XVIII-XIX</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	<i>SI</i>
USO:	<i>Activo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Non</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada eclesiástica</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.6 metros de diámetro</i>

DESCRIPCIÓN:

Pombal circular con cubierta cónica e pequeno archete. Está situado en fronte á igrexa de Cacheiras nun predio de propiedade privada. O seu estado é bo. É un dos tres pombais do concello que mantén a actividade de pombas, de feito, normalmente está cheo delas. Como curiosidade presenta un pequeno anexo que funciona a modo de rocho. Ten unha porta de pequenas dimensións e conserva a cornixa e o pousadoiro. Grazas ás fotografías históricas do arquivo vemos como o pombal destacaba como elemento icónico que definía a paisaxe da parroquia.

Tamén temos mencionado o pombal en varias novas de prensa da “Gaceta de Galicia”, a máis antiga no ano 1900, no que figuraba como unha das edificacións auxiliares do predio que estaba á venda naquela época.

= Gaceta de Galicia =

Venta de una casa de campo

PROXIMA A SANTIAGO

En la parroquia de San Simón de Cacheiras Ayuntamiento de Teo, se vende la casa de dos cuernos, número 12, de producción y recreo, sita en el lugar de la Iglesia, con granja unida, pozo, palembar, labradíos y prades, cerrada sobre sí con muro doble de cantería. En la Notaría de D. Jesús Fernández Soñez, Plazuela de San Martín, informarán de la documentación y condiciones de venta, la que habrá de efectuarse en favor del mejor postor, siempre que cubra el tipo. 1

04/11/1900

Noticias do xornal “Gaceta de Galicia” sobre a venda da “Casa de Campo” de Cacheiras que inclúe o pombal, 1900 e 1910. AMT

= Gaceta de Galicia =

Venta voluntaria

Imediata á esta ciudad ó sea en el lugar de la Iglesia, parroquia de Cacheiras Ayuntamiento de Teo, se vende una granja de recreo y producción, en la casa núm. 12 de dicho lugar, compuesta de casa principal ó de recreo, otra para cecero, bodega y cuerdas para ganados, cecera y espéndicos cubiertos para leñas y paja, horreo, pelomar, pozo de muy buena agua potable y hermosas huerta con árboles de adorno y frutales, circundado todo de alzado muro de cantería, y prado ó herbal á 20 metros de esta granja.

Muy próxima á estas fincas estan las estaciones del Ferrocarril de Ourense y Corbo.

Libres de pensión ó inscriptas en el Registro de la Propiedad.

Para más detalles y precio dirigirse al Notario de esta ciudad D. José Santaló Iruarte.

02/11/1910



Fotografia antiga do pombal. Ca. 1935. AMT



Fotografía xeral da aldea da Igrexa co pombal ó fondo. Ano 1993. AMT

20 *POMBAL DA CASA FRAMIL / URBANIZACIÓN AS POMBAS*

LUGAR	CACHEIRAS
PARROQUIA	Cacheiras
COORDENADAS	42.820770,-8.545699



Exterior



Vista xeral

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Moi ben</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XVIII</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	NON
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Non</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.5 metros de diámetro</i>

DESCRIPCIÓN:

Pombal circular situado no xardín dunha urbanización en Cacheiras. O seu estado é bastante bo, sendo preciso a restauración da cuberta. Posúe unha porta de pequenas dimensións e conserva a cornixa e o pousadoiro.

Un pombal que logrou salvarse, case de milagre, da presión urbanística que padeceu esta zona de Cacheiras a finais do século XX e principios do XXI e que explica a súa situación actual emprazado nun xardín comunitario.

O pombal é o último elemento en pé da coñecida Casa Framil, antiga casona barroca que pertenceu ó cabido da catedral de Santiago con varias funcións ó longo da historia segundo ós datos recompilados no arquivo, pequeno convento, residencia de coengos, lugar onde cobraban e almacenaban as especies procedentes das rendas dos foros e mesmo foi cadea, segundo relatan os/as veciños/as da aldea. Conta a tradición que neste inmovble nace o dito popular “aprobado por Cacheiras ou licenciado por Cacheiras”. Semella que cando foi residencia de cóengos, moitos deles mestres e profesores en diversos centros de Compostela, na Casa Framil servían bos banquetes ás familias de clase alta de Compostela. Durante os convites recomendábase ós estudantes para que foran aprobados e acadaran boas notas. Aquel dito chegou os nosos días como mostra do pouco valor que tiña aqueles “aprobados por Cacheiras”. A pesar do enorme valor patrimonial do inmovble, foi derrubado para facer a actual urbanización “As Pombas” que recibe o seu nome do Pombal que aínda conserva no xardín comunitario.



Fotografia da desaparecida Casa Framil no ano 1981. AMT

21 POMBAL DE CARBALLO

LUGAR	CACHEIRAS
PARROQUIA	Cacheiras
COORDENADAS	42.816382,-8.550513



Exterior



Fotografías da Casa da Familia Carballo a comezos dos anos oitenta. AMT

PLANTA:	Cadrado
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Ruinoso
CRONOLOXÍA:	Século XVIII-XIX
VISIBLE DENTE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Non
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.3.50 metros de diámetro

DESCRICIÓN:

Pombal cadrado de pedra situado nun predio privado que pertenceu á familia Carballo, preto do campo de fútbol de Cacheiras. Está construído sobre o muro lindeiro que pecha a propiedade, no recanto NO que dá á estrada que se dirixe á parroquia de Recesende. Na actualidade o seu estado é ruinoso, precisa unha restauración moi urxente, xa que presenta un risco evidente de derrubo. Podemos ver o seu estado hai unhas décadas grazas as imaxes conservadas na fototeca do arquivo municipal de finais dos anos setenta. É un dos poucos pombais de planta cadrada do concello.



Fotografía da Casa da Familia Carballo a comezos dos anos oitenta. AMT

22 *POMBAL DE RAVIÑA*

LUGAR	CACHEIRAS
PARROQUIA	Cacheiras
COORDENADAS	42.815019,-8.545636



Exterior




Retrato do Médico Raviña Valdés.
AMT - Doazón Carme Hermida

PLANTA:	<i>Cadrado/rectangular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Ben</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XX</i>
VISIBLE DENTE O EXTERIOR :	<i>SI</i>
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Non</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓN:	<i>Aprox.2.50 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal cadrado situado nun predio privado da familia Raviña na Travesía de Cacheiras. Está recebado e pintado por fóra co tellado en perfecto estado. O pousadoiro bordea os catro lados do pombal con dúas garitas ó fronte. Está acaroado ó muro lindeiro da parcela que foi residencia do médico de distrito municipal José Raviña Valdés (1932 – 1973), sobriño, discípulo e substituto, a súa vez, de Tomás Raviña Turnes, un dos primeiros profesionais deste eido en Teo, natural de Vedra (1893 -1933), e que foi quen construíu a casa en 1913.

SAN XOÁN DE RECESENDE



Numeración	Pombais
23	Pombal Casal
24	Pombal Seoane

23 *POMBAL DE CASAL*

LUGAR	CASAL
PARROQUIA	Recesende
COORDENADAS	42.815533,-8.557285



Exterior



Exterior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Ben</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	<i>SI</i>
USO:	<i>Activo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Si</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.5.40 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado na aldea de Casal nun predio de propiedade privada. Na actualidade fica anexo a outra edificación auxiliar da propiedade. Posúe tellado, catro garitas desiguais, reboco e só con pedra á vista na parte superior. Un pombal de grande altura polo que destaca por riba do muro que limita o predio e óllase perfectamente dende o camiño que pasa a rentes da propiedade. É un dos poucos pombais que segue en activo, tal como testemuña a entrada e saída continua das pombas.

24 *POMBAL DE SEOANE*

LUGAR	SEOANE
PARROQUIA	Recesende
COORDENADAS	42.813800,-8.558090



Exterior, porta de acceso



Vista xeral coa igrexa de San Xoán de Recesende ó fondo

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Precisa intervención</i>
CRONOLOXÍA:	Século XVIII
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Non</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.4 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado no lugar da igrexa nun predio de propiedade privada na parroquia de Recesende. Fica en estado ruinoso e carece de cuberta. No exterior conserva a soleira sobre a que se atopan catro buracos para facilitar a entrada e saída das pombas. No interior destacan os restos da antiga mesa central, feito que o singulariza pois é dos poucos que conserva este elemento orixinal. Mantén a maior parte da estrutura de nichos para o aniñado das pombas.



Interior, restos da mesa central



Interior, nichos

SANTA BAIA DE OZA



Numeración	Pombais
25	Pombal Casal de Veltureira (Ribas 1)
26	Pombal Ribas 2
27	Pombal Vilanova
28	Pombal Casal de Gondelle

25 *POMBAL DO CASAL DE VEITUREIRA*

LUGAR **RIBAS**

PARROQUIA Oza

COORDENADAS 42.800606,-8.520907



Exterior



Interior. Pormenor da estrutura do teito



Interior. Nichos sobre a porta de acceso



Exterior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Ben</i>
CRONOLOXÍA:	Século XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	NON
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Non</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.4 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado na aldea de Ribas nun predio de propiedade privada. Está en bo estado, ten tellado e unha pequena porta dunha folla elevada uns centímetros do chan, só conserva o revoco na parte superior do pombal, o resto con pedra á vista. No interior mantén en bo estado a estrutura para o aniñado das pombas (nichos). Atópase nun predio cerrado e privado e só se pode ver dende o seu interior.

26 *POMBAL DE RIBAS (2)*

LUGAR	RIBAS
PARROQUIA	Oza
COORDENADAS	42.800308,-8.523035



Exterior



Exterior porta de acceso

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Moi Ben</i>
CRONOLOXÍA:	Século XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	NON
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Non</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.3.50 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado preto do Santuario da Santa Eufemia nun predio de propiedade privada da aldea de Ribas. Atópase en bo estado de conservación, ten tellado e dúas portas xa que a construción foi dividida en dúas zonas, por un lado é adega e polo outro almacén. Ten varias garitas todo ó redor do pombal. Está nunha parcela privada e só é visible dende o interior da propiedade.

27 **POMBAL DE VILANOVA**

LUGAR	VILANOVA
PARROQUIA	Oza
COORDENADAS	42.793274,-8.522527



Exterior, porta de acceso



Exterior

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Moi Ben</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XXI</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	<i>SI</i>
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Non</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.3 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular de pequeno tamaño situado no lugar de Vilanova, parroquia de Oza, nun predio de propiedade privada. Cóntanos o seu propietario que o construíu meramente cun fin decorativo pero que non descarta a posibilidade de que nun futuro o empregue para a crianza de aves. Unha imitación ben lograda dos pombais tradicionais coa cuberta cónica baixa con tella do país e pequeno pináculo central. Posúe cinco garitas ó redor cun pousadoiro cada unha delas.

LUGAR	GONDELLE
PARROQUIA	Oza
COORDENADAS	42.778509, -8.526672



Interior. Nichos



Noticia da Gaceta de Galicia sobre a poxa desta propiedade que inclúe o pombal. 26/07/1917.



Interior. Nichos e porta de acceso



Exterior

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Ruinoso
CRONOLOXÍA:	Século XVIII
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Non
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.5 metros de diámetro

DESCRIPCIÓN:

Pombal circular situado no lugar de Gondelle nun predio de propiedade privada na parroquia de Oza. Na actualidade está en estado ruinoso, carece de cuberta e só conta co 50% das paredes en pé, mais polos restos conservados podemos dicir que era de grande tamaño. No exterior conserva a soleira sobre a que se atopan catro buracos da entrada e saída das pombas. No interior, aínda apreciamos as estruturas para o aniñado das pombas (nichos), cada catro fileiras posúe un saínte do muro (lousa) para impedir a subida dos ratos. Atópase illado nunha zona alta da parcela, arestora no medio dunha carballeira, a uns 70 metros do emprazamento da vivenda.

Este pombal é un dos poucos elementos que conservamos da antigo predio do Casal de Gondelle que pertenceu dende o século XVIII ata 1918 ós Condes de Ximonde. En 1918 compra toda a propiedade Raimundo López Pol, escultor e empresario que foi alcalde de Santiago de Compostela durante a Segunda República. Posteriormente pasou a ser a residencia ocasional do seu fillo, Manuel López Garabal e a súa muller, Concha Vázquez, destacados membros do grupo de pintores do Rexionalismo galego. Lamentablemente a vivenda principal incendiouse no ano 1995 desaparecendo case por completo e no seu lugar construíronse novas vivendas. Porén, quedan como testemuñas do glorioso pasado desta propiedade, un dos seus hórreos, unha fonte ornamental e o vello pombal que salientaba na paisaxe agraria tradicional que caracterizaba a parcela de Gondelle. Boa mostra é o cadro do propio Manuel L. Garabal do ano 1945 no que ollamos o Pombal en todo o seu esplendor tralos campos de labranza. Esta obra do “pintor de Gondelle” encóntrase actualmente no Casino da Coruña. Oxalá poidamos salvar os restos deste pombal e deste xeito que algún outro artista local o poida plasmar nos seus cadros.



Fonte barroca do casal de Gondelle. AMT



Finca de Gondelle. Manuel López Garabal. Óleo sobre lenzo (90 x110 cm). 1945. Propiedade do Casino da Coruña. O Pombal figura nun segundo plano tralos campos de cereais



Retrato "O neno da Pomba". Concha Vázquez. Óleo sobre táboa (60 x 51 cm). Colección particular

SAN MIGUEL DE RARIS



Numeración	Pombais
29	Pombal Casal de Buella
30	Pombal Casal de Reis

29 *POMBAL DE BUELA*

LUGAR	BUELA
PARROQUIA	Rarís
COORDENADAS	42.776750,-8.569142



Exterior



Detalle da cuberta e remate restaurado co pico sacro en segundo plano

PLANTA:	<i>Circular</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Moi Ben</i>
CRONOLOXÍA:	Século XVIII-XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Si</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.5 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado no lugar de Buela, parroquia de Rarís, nun predio de propiedade privada que pertence á familia Varela, na que destacaron don Gabriel Varela Crego e don Ignacio Varela Eiras, os dous últimos alcaldes teenses durante a última etapa do réxime franquista e comezos da transición. Foi restaurado recentemente tal como reflicte o seu perfecto estado de conservación. É un pombal de grande porte con tellado a unha soa auga e tella do país. Posúe un pináculo de bo tamaño no cumio do tellado que o engala e proporciona unha harmoniosa imaxe na paisaxe co Pico Sacro ó fondo. Conserva o seu pousadoiro e a cornixa e ten unha pequena entrada de acceso case á rentes do chan, o que non é moi habitual.



Exterior

30 **POMBAL DE CASAL DE REIS**

LUGAR	CASAL DE REIS
PARROQUIA	Rarís
COORDENADAS	42.778094,-8.561709



Vista xeral do pombal dende o exterior do predio



Exterior



Interior nichos



Interior. Pormenos da cuberta con ladrillo

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Ben
CRONOLOXÍA:	Século XIX-XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Non
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.5 metros de diámetro

DESCRICIÓN:

Pombal circular acaroado ó muro lindeiro nun predio privado e fechado cun muro no lugar de Casal de Reis, parroquia de Rarís. Salienta pola súa elevada altura que permite a súa visualización dende o exterior do predio. No interior conserva en bo estado os nichos, perfectamente aliñados. Está ben conservado, foi restaurado e o tellado refíxose empregando ladrillos.

SAN CRISTOVO DE REIS



Numeración	Pombais
31	Pombal Igrexa Reis
32	Pombal Casal do Calvario
33	Pombal Samar
34	Pombal Barros_Valiñas
35	Pombal Oliveira

31 *POMBAL DA IGREXA (REIS)*

LUGAR	A IGREXA
PARROQUIA	Reis
COORDENADAS	42.772418,-8.554230



Exterior



Exterior

PLANTA:	<i>Cadrado</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Precisa intervención</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XX</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	<i>SI</i>
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Non</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada eclesiástica</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.2.50 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal cadrado de ladrillo situado preto da Igrexa de San Cristovo de Reis nun predio de propiedade privada na parroquia de Reis. Tellado a catro augas con pináculo central decorativo. Precisaría a restauración de certos elementos para garantir a súa conservación e evitar o risco de caída.

32 POMBAL DO CALVARIO

LUGAR A IGREXA

PARROQUIA Reis


COORDENADAS 42.771415,-8.553005



Exterior, porta de acceso



Exterior, lateral sur



Exterior, detalle da cuberta e cumio



Banco e hórreo da Casa de Recreo da familia Bartolomé & Bartolomé ("Casa Sas"/Casa dos "Encima Bartolomé")


PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Precisa intervención
CRONOLOXÍA:	Século XVIII-XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Si
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.4 metros de diámetro

DESCRICIÓN:

Fermoso pombal circular con tellado cónico situado no interior do predio do Casal do Calvario. Estivo encalado e pintado de branco, hoxe só conserva o recebo no lado sur do pombal. É un dos elementos que integran este histórica casa de recreo ó carón dun hórreo, dun longo banco corrido e lavadouro que pertenceu á familia compostelana Bartolomé & Bartolomé, na que destacou a figura do comandante de cabalería do exercito don José Bartolomé & Bartolomé.

Este predio pódese ollar dende o contiguo Campo da Festa do Calvario, lugar

de encontro, de celebracións, reunións e festexos parroquiais. O estado de conservación é regular, precisaría dunha boa restauración na cuberta, pois presenta graves deficiencias.



Comparativa do estado da cuberta, fotos de 2024 e 1974. AMT

33 ***POMBAL SAMAR***

<i>LUGAR</i>	<i>SAMAR</i>
<i>PARROQUIA</i>	Reis
<i>COORDENADAS</i>	42.760993,-8.563730



Exterior



Exterior

<i>PLANTA:</i>	<i>Circular</i>
<i>ESTADO DE CONSERVACIÓN:</i>	<i>Bo</i>
<i>CRONOLOXÍA:</i>	<i>Século</i>
<i>VISIBLE DENDE O EXTERIOR :</i>	<i>SI</i>
<i>USO:</i>	<i>Inactivo</i>
<i>CATALOGACIÓN:</i>	<i>Non</i>
<i>TITULARIDADE:</i>	<i>Privada civil</i>
<i>DIMENSIÓNS:</i>	<i>Aprox.6 metros de diámetro</i>

DESCRICIÓN:

Pombal circular de boas dimensións na parte máis alta dun predio privado no lugar de Samar na parroquia de Reis. Podémolo ver dende a estrada que pasa por diante da propiedade. Ten o tellado de cemento e paredes coa pedra á vista. O seu estado de conservación é bo, foi restaurado en tempos recentes.

34 *POMBAL DE BARROS*

LUGAR	VALIÑAS
PARROQUIA	Reis
COORDENADAS	42.760523,-8.561008



Exterior



Exterior




Exterior. Pormenor da cuberta restaurada




Vista xeral coa aldea de Valiñas ao fondo


PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Moi bo
CRONOLOXÍA:	Século XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Si
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.4 metros de diámetro



alzado



planta



Plano de alzado do pombal. Ficha do Inventario Etnográfico da Xunta (2001). AMT

DESCRICIÓN:

Espectacular pombal, non só polo seu excepcional estado de conservación, recentemente restaurado, senón tamén pola súa privilexiada localización nun entorno rural entre viñedos. Posúe planta circular con cuberta cónica dividida en 8 seccións. Feito en pedra e encalado, conserva a cornixa cos ocos para a entrada das pombas. Reformado no ano 2002.

Segundo sinala o seu propietario, José Francisco Barros Gosende, o predio do pombal pertenceu noutros tempos a un cura “que vivía nunha casa na contorna, como non tiña familia deixoullo en herdanza ó meu avó, xunto coa parcela viña o pombal”. Relátanos que foi un importante ben ó contribuír ó sustento da economía doméstica, criaban centos de pichóns ó ano que posteriormente vendían en Cacheiras e tamén no mercado en Compostela. Conta que compraban as pombas na zona de Cacheiras nun gran pombal que se dedicaba a súa cría e venda, posiblemente sexa o que se atopa ó carón da igrexa (núm. 19). Desfrutaba moito coidándoas pero que as pombas foron atacadas polas murtas e polas aves de rapina e finalmente deixou a actividade de cría, mais segue a coidar con agarimo o pombal que mantén en perfectas condicións.



Vista xeral co pombal á beira do viñedos e na aba do Castro de Valiñas

35 *POMBAL DE OLVEIRA*

LUGAR	OLVEIRA
PARROQUIA	Reis
COORDENADAS	42.768515,-8.541477



Fotografía aérea do exterior



Vista xeral ó solpor



Vista xeral do predio



Exterior



Fotografía aérea do interior
(sen cuberta)




Exterior. Pormenor da porta
de acceso

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Precisa intervención
CRONOLOXÍA:	Século XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Non
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.3.5 metros de diámetro

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado nun predio privado no lugar de Olveira na parroquia de Reis. Actualmente carece de cuberta pero conserva a soleira ó redor da fachada exterior e os principais elementos da súa estrutura interior. Cóntanos a súa propietaria Otilia Alvarez Rial que lembra ben a época na que ían vender os pichóns á Praza de Abastos de Compostela.

SANTA MARÍA DE TEO



36 *POMBAL DA IGREXA (TEO)*

LUGAR	A IGREXA
PARROQUIA	Teo
COORDENADAS	42.766122,-8.518624



Exterior



Fotografía aérea



Exterior




Fotografía aérea. Pormenor da cuberta

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Precisa intervención
CRONOLOXÍA:	Século XIX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Non
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.4 metros de diámetro

DESCRIPCIÓN:

Pombal circular cunha cuberta que remata nun pequeno frontón con garitas distribuídas en dobre fileira para a entrada e saída das pombas. Está situado na parroquia de Teo nunha parcela de propiedade privada. Construído en pedra, conserva parte do revoco exterior, mais o tellado foi restaurado en formigón, só conserva o pináculo no cumio. Ten unha porta e varias fiestras que dan luz ó interior, algo pouco habitual en Teo. Atópase en bo estado, máis precisaría de pequenas intervencións para garantir a súa conservación futura. Este foi un dos pombais de Teo que visitou o profesor Clodio González Pérez, para documentar o seu traballo sobre os Pombais Galegos publicado en1982. Grazas a esta fotografía podemos ollar as notables modificacións que tivo o pombal nos últimos anos, como a ampliación das fiestras e a remodelación do tellado.



Plano de alzado do pombal. Ficha do Inventario Etnográfico da Xunta (2001). AMT



Pombal da igrexa de Santa María de Teo. 1975.
Arquivo de Clodio González

37 *POMBAL DE CASA PAZ*

LUGAR **CAMPOS**
PARROQUIA Teo
COORDENADAS 42.766352,-8.521290



Exterior

PLANTA:	<i>Cadrado</i>
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	<i>Bo</i>
CRONOLOXÍA:	<i>Século XX</i>
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	<i>SI</i>
USO:	<i>Inactivo</i>
CATALOGACIÓN:	<i>Non</i>
TITULARIDADE:	<i>Privada civil</i>
DIMENSIÓNS:	<i>Aprox.2.5 metros de diámetro</i>

DESCRIPCIÓN:

Pequeno pombal de planta cadrada situado nunha parcela privada no lugar de Campos. Pertence á familia Paz, importantes empresarios e comerciantes da parroquia de Santa María de Teo. Podémolo apreciar dende a estrada exterior da propiedade. Atópase nun bo estado de conservación.

38 *POMBAL DO VILAR (1)*

LUGAR	O VILAR
PARROQUIA	Teo
COORDENADAS	42.759930,-8.535693



Exterior

PLANTA:	Cadrado
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bo
CRONOLOXÍA:	Século XX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Non
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.2.5 metros de diámetro

DESCRIPCIÓN:

Pombal cadrado situado nunha parcela privada no lugar de Santa María de Teo, na parroquia de Teo. Antigo depósito de auga ó que lle deron un segundo uso como pombal de pequenas dimensións.

39 *POMBAL DO VILAR (2)*

LUGAR	O VILAR
PARROQUIA	Teo
COORDENADAS	42.761518,-8.532740



Exterior



Vista xeral do predio, pombal ó carón dun pequeno hórreo



Fotografía exterior do pombal antes da súa restauración. 2020

PLANTA:	Cadrado
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Bo
CRONOLOXÍA:	Século XX
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Non
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIÓNS:	Aprox.2.5 metros de diámetro

DESCRIPCIÓN:

Pombal cadrado de cemento e ladrillo de pequenas dimensións situado nunha parcela privada da parroquia de Teo. Presenta tres garitas nun só lateral. Como podemos observar foi restaurado recentemente e arestora loce espléndido no medio nun prado nun recanto da aldea do Vilar.

SANTA MARÍA DE LAMPAI



Numeración	Pombais
40	Pombal Mosteiro_Lampai

40 *POMBAL DE MOSTEIRO*

LUGAR	MOSTEIRO
PARROQUIA	Lampai
COORDENADAS	42.778767,-8.615961



Exterior



Exterior

PLANTA:	Circular
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	Ruinoso
CRONOLOXÍA:	Século XVIII
VISIBLE DENDE O EXTERIOR :	SI
USO:	Inactivo
CATALOGACIÓN:	Non
TITULARIDADE:	Privada civil
DIMENSIONÍS:	Aprox.4 metros de diámetro

DESCRICIÓN:

Pombal circular situado na aldea de Mosteiro nunha parcela de propiedade privada. Na actualidade o seu estado é ruinoso, carece de tellado e só conserva en pé unha pequena parte da parede. Nese tramo, conserva no seu interior parte das estruturas para o aniñado das pombas. Atópase entre o mato, rodeado de eucaliptos ventureiros e a parte que conserva fica en claro risco de derrubo.

Non logramos atopar datos documentais da súa orixe, mais sabemos que esta propiedade pertenceu ó igrexario. Hoxe só conservarmos a igrexa de fábrica románica do que noutros tempos foi un mosteiro agostiño documentado no século XII. Segundo a veciñanza consultada, os canteiros da zona reempregaron as pedras do pombal noutras construcións o que explica o estado ruinoso no que se atopa. Ímolo nomear como “O pombal do Mosteiro” pola relación coa igrexa e o nome da aldea, mais a veciñanza coñece o predio como “el Palomar”. É o único conservado na parroquia aínda que temos novas da existencia doutros xa desaparecidos. Este feito lévanos a animar a veciñanza e asociacións da contorna para que traten de consolidar os últimos restos do único pombal da parroquia, senón en pouco tempo quedará só no recordo dos mais maiores.



Exterior. Pormenor da porta de acceso

AGRADECIMENTOS

Este pequeno ensaio sobre os pombais teenses sae do prelo grazas á colaboración inestimable de moitas persoas. En primeiro lugar, dos propietarios/as destas construcións adxectivas de pazos, casais, e reitorais espallados por todo o noso concello. Resultou unha experiencia inesquecible poder conversar con todos/as vos e decatarnos da importancia material e inmaterial que tiveron para moitas familias. Para a grande maioría destas persoas, o pombal non é só a construción onde viven as pombas domésticas senón un espazo de experiencias compartidas con seres queridos e das boas lembranzas de historias vividas nestes lugares, só así explican o esforzo de moitos deles por preservalos. Non só nos abriron as súas portas para poder visitalos, senón tamén achegaron datos importantes, planos e fotografías moi valiosas para a elaboración deste libro. Grazas Josecho Guldrís, catequista, M^a Carmen Vilariño, Ramón Vieites, Noela Pousa, Juan José Castaño, José Ruibal, Ramón Castromil, Marta Díaz e Jorge Casais, Víctor Méndez, José Francisco Barros, Otilia Álvarez, Lina Carro, Pilar Castro e outros/as.

Agradecer o apoio incondicional e paciencia infinita dos que nos acompañaron nestas xeirais polo territorio teense na procura dos pombais (Isa Piñeiro, Alcira Ferrón, Gonzalo Carrillo). En especial a Alberto Puga, a Xiana e Lidia Castelao, que iniciaron esta aventura con nós, grazas pola compañía e traballo realizado. A Ramiro Viqueira por compartir os seus coñecementos sobre o territorio e presentarnos as súas amizades que achegaron datos chave para dar con algúns destes pombais. A Xosé L. Blanco polas súas fantásticas fotografías. A Martín Alamarcos polas horas investidas no deseño do libro e por atender sempre as nosas demandas dun xeito altruísta, foi unha honra contar coa súa sabedoría nestas tarefas gráficas.

A todas as persoas que durante este tempo achegaron datos e información sobre os pombais, moitos deles xa desaparecidos (Guillermo González Raviña, Rogelio Gómez Fernández, Álvaro Parajó, etc.).

O Colectivo A Rula por facilitarnos datos e materiais do seu arquivo para incluír no libro.

Ó Concello de Teo por permitírnos acceder ós prezados fondos do arquivo municipal e pola edición desta obra que supoñe dar cumprimento o noso obxectivo inicial, contribuír a divulgar estes elementos patrimoniais entre a veciñanza que agora disporá dunha nova ferramenta para descubrir uns bens culturais, inxustamente pouco valorados e coñecidos.

E finalmente a Clodio González, as súas verbas constitúen o mellor limiar que poderíamos desexar. Os seus traballos foron fonte de inspiración para o libro, e, en certo modo, esta guía/catálogo tamén rende homenaxe a súa pioneira labor e a doutros investigadores que centraron a súa atención no estudo destes elementos tan singulares da nosa paisaxe.

